

AVOGACÍA COMPOSTELÁ

Nº 12 Xuño 2012
Exemplar gratuíto



Ilustre Colexio de Avogados
de Santiago de Compostela



JESÚS GÓMEZ SÁNCHEZ

XUÍZ DO XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA 2 DE SANTIAGO

**«NON ESTOU A FAVOR DAS TAXAS
XUDICIAIS PARA AS PERSOAS FÍSICAS»**

FESTIVIDADE DE SAN RAIMUNDO DE PEÑAFORT

**ENTREVISTA A
FRANCISCO
CAAMAÑO,
EX MINISTRO
DE XUSTIZA**



**FRANCISCO
GÓMEZ,
DIRECTOR DE
PROXECTO
HOME**



COLABORACIÓN

**Anteproxecto de lei polo que se
regulan determinadas taxas
no ámbito da Administración
de xustiza e do Instituto Nacional
de Toxicoloxía e Ciencias Forenses**

**Honorarios profesionais
para a taxación de custas**

**Sobre a dación en pagamento
e o novo código de boas
prácticas bancarias**

Haz **HOY** aportaciones extraordinarias y el **PRÓXIMO AÑO** ahórrate impuestos

Haz
una aportación
extraordinaria

Aquí

Haz
una aportación
a tu cónyuge

Aquí

Juan Antonio Piqueras Vargas
Mutualista desde 1993



Si ahora realizas aportaciones extraordinarias, te estás garantizando la deducción fiscal de cara a la declaración de IRPF del próximo año. Aprovecha ahora que estás realizando la de 2011 para calcular cuanto te puedes ahorrar el año que viene.

Además, al hacer aportaciones a tu Plan, rentabilizas tu dinero durante más tiempo y mejoras las prestaciones que recibirás en tu jubilación.

Para más información entra en

www.mutualidadabogacia.com

escribe un e-mail a

buzon@mutualidadabogacia.com

o llama al Servicio de Atención al Mutualista

902 25 50 50



Avogacía Compostelá

Dirección

Evaristo Nogueira Pol



Secretaría técnica

Manuel Arza Galán



Asesoramento lingüístico

Martín Ramos Insua



Consello de redacción



Timoteo Gutiérrez Valerio

M.^a Luisa Pasín Mato



Patricia López Arnos

Javier Sánchez-Agustino



Noemí Peteiro Pereda

Paulo López Porto



José R. Oulego Erroz

M.^a del Mar Vivero Vizoso



Javier Constenla Vega

Manuel F. Martín García



Adrián García García



www.icasantiago.org

Sumario

Editorial	4
Novas da avogacía	5
Mutualidade	5
Anteproxecto de lei polo que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses	6
Entrevistas	8
Francisco Caamaño	8
Ramón Gómez Crespo	12
Jesús Gómez Sánchez	14
Colaboracións	16
Honorarios profesionais para a taxación de custas	16
Sobre a dación en pagamento e o novo código de boas prácticas bancarias	23
Vida colexial	25
San Raimundo	25
Anthony Vázquez, profesor de inglés no Colexio de Avogados	29
Circulares informativas	30
Novidades legislativas	30
Ao pé da letra	32
Mediación, igualdade e lingua	32
Biblioteca	34
De re varia	36
Opinan de nós	36
Fóra de lei	36
O Colexio nos medios	38

Co patrocinio de:



**XUNTA
DE GALICIA**

Depósito legal: C-3778-2007

Deseño e maquetación: LUPA Comunicación

O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela non sei fai responsable das opinións expresadas polos seus colaboradores.



Evaristo Nogueira Pol
Decano do Ilustre Colexio
de Avogados de Santiago

Estimados/as compañeiros/as:

NON NOS ENTEDEMOS

Definitivamente o ministro de Xustiza e a avogacía non nos entendemos no referente ás taxas xudiciais. Para todos nós está claro que a instauración deste gravame vai supoñer definitivamente unha vulneración da tutela xudicial efectiva, diferenciando unha xustiza entre as persoas que posúen máis recursos e aquelas que non os teñen. Recordemos que as taxas non serán recuperables en custas, que non son progresivas en relación co nivel de renda dos cidadáns e que ademais son especialmente gravosas en canto á súa contía.

Como exemplo, para un xuízo ordinario, en primeira instancia a taxa será de 300 €, en apelación, de 800 €. Para unha casación calcúlanse 1.200 €, para un recuso de suplicación na xurisdición laboral, 500 €. Son exemplos estes que, ao entender deste decano, reflicten a gravidade das medidas que se intentan incorporar ao ordenamento xurídico.

Debe o ministro reflexionar. Do contrario, atoparémonos ante unha situación na xustiza especialmente complicada. Serán moitas as persoas que optarán por non poder defender os seus dereitos ante os xulgados e tribunais por falta de medios económicos.

Despois do verán, o Colexio de Avogados de Santiago empezará a estudar a posibilidade de crear un sistema de arbitraje para intentar solucionar litixios sen acudir aos tribunais. Algunha experiencia existe noutros colexios con resultados positivos. Ademais, temos a lei de mediación, que vai provocar con toda probabilidade unha modificación na nosa forma de traballar. Con todo isto, probablemente se constitúa unha comisión no Colexio, aberta aos que queirades participar. Manterémosvos informados.

De novo, grazas aos colaboradores da revista. Neste último número encabeza a portada o maxistrado Jesús Gómez Sánchez, quen recentemente deixou o Xulgado de Primeira Instancia núm. 3 de Santiago para regresar á súa cidade natal. O seu comportamento cos avogados e avogadas foi sempre exquisito, cordial e educado. Dende o Colexio de Avogados de Santiago, desexámoslle os maiores éxitos persoais e profesionais.

Cómpre agradecer tamén as entrevistas concedidas polas persoas que mereceron no último ano o recoñecemento do Colexio de Avogados, coa concesión das medallas de ouro da institución.

Evaristo Nogueira Pol



A ASSEMBLEA XERAL DA MUTUALIDADE DA AVOGACÍA APROBA AS CONTAS DE 2011 E O ORZAMENTO PARA 2012

- O aforro xestionado en 2011 acadou os 3.347,5 millóns de euros, un 10,12% máis ca o exercicio anterior, cunha rendibilidade neta dos seus investimentos do 5,22% sobre os activos investidos.
- O orzamento aprobado prevé acadar un volume de aforro xestionado en 2012 de 3.706 millóns de euros, un 10,7% máis ca o ano anterior, e unha rendibilidade dos investimentos por enriba do 5%.

A Mutualidade da Avogacía reunida en asemblea xeral, que tivo lugar o 9 de xuño, aprobou as contas do pasado exercicio cun superávit de 29,8 millóns de euros.

Os bos resultados presentados permitiron asignarlles aos mutualistas do Plan Universal unha rendibilidade final do 4,70% e facer unha entrega extraordinaria de 650 euros, a favor de cada un dos máis de 10.000 mutualistas xubilados anteriores a 2005, data de conversión da Mutualidade ao sistema de capitalización individual.

No seu informe ante a Asemblea o presidente, Luis de Angulo, destacou os principais logros acadados en 2011 baseados nos principios que alentan a xestión «a busca da maior rendibilidade posible para o mutualista; a solvencia, como un pilar sempre permanente na acción de goberno; o autogoberno e a profesionalidade baseada no rigor da xestión cunha importante dose de austeridade no gasto, xunto á eficiencia do persoal e a aplicación da mellor tecnoloxía». Todos estes valores son obrigas que comprometen a Mutualidade «pola nosa posición de liderado, entre as mutualidades de previsión social profesionais», segundo dixo o presidente.

Das grandes cifras obtidas ao peche, o presidente subliñou que o número de incorporacións aumentou un 4,92% ata acadar os 171.633 afiliados; e o aforro xestionado chegou aos 3.347,5 millóns de euros, un 10,12% máis ca o exercicio anterior.

Así mesmo, o presidente resaltou os bos resultados afirmando que «para a Mutualidade o exercicio 2011 foi un ano razoablemente bo» malia a difícil conxuntura pola que atravesa a economía, «ao se lograr un excedente de 29,8 millóns de euros».

ORZAMENTO PARA 2011

O orzamento aprobado considera o incremento do aforro xestionado do 10,7% ata acadar os 3.706 millóns de euros, unha rendibilidade neta dos investimentos por enriba do 5% e a redución dos gastos de xestión do 0,33% fronte ao 0,35% do ano precedente. Os resultados permitirían acadar os 154 millóns de fondos propios contables.

Tras o informe do presidente e o debate sobre os puntos da orde do día, a Asemblea aprobou as contas, o orzamento e a totalidade das propostas formuladas pola Xunta de Goberno, pola maioría dos votos dos mutualistas presentes e representados.

NOVOS VOGAIS DA XUNTA DE GOBERNO E DA COMISIÓN DE CONTROL

Resultaron reelixidos Paz Almeida Lorences de Sevilla, Jaime Cabrero García de Madrid, Joaquín Espinosa Boissier de Las Palmas, e Carlos Suárez González de Bilbao, en representación dos mutualistas, todos eles para un mandato de tres anos.

Por parte dos membros protectores foron declarados electos sen necesidade de efectualas por non se presentar outras candidaturas, Cipriano Arteche Gil de Ciudad Real e Enrique Sanz Fernández-Lomana de Valladolid. Para a comisión de control resultou reelixida Mar Ramos Martínez de A Coruña, que era a única candidata.

ASISTENCIA DE MUTUALISTAS

Esta convocatoria ordinaria contou coa asistencia de 220 mutualistas, entre presentes e representados, elixidos previamente nas 83 asembleas previas territoriais que tiveron lugar na sede dos colexios de avogados de toda España, nas que todos os mutualistas elixiron os seus representantes para a Asemblea Xeral.

DATOS DA MUTUALIDADE EN MAIO 2012

Os datos da Mutualidade ao peche do mes de maio de 2012 reflicten que a cifra de aforro xestionado acadou os 3.494 millóns, un 9,1% máis ca un ano antes, acadándose a cifra redonda dos 3.500 millóns o día 1 do mes de xuño, coa emisión dos recibos de carteira do devandito mes.

As demais cifras de evolución reflicten un avance na rendibilidade dos investimentos que se situou no 5,21% (fronte ao 5,16% en maio de 2011) e os gastos de xestión reducíronse ata o 0,32% (fronte ao 0,36% en maio de 2011).

Anteproxecto de lei polo que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses



Adrián García
Colexiado 2.163 do ICA de Santiago

O Anteproxecto de lei polo que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses ten por obxecto revisar as taxas xudiciais reguladas pola Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social e vixentes dende o ano 2002.

Consta dunha exposición de motivos, un texto articulado composto por dous títulos ben diferenciados: o primeiro, referido á taxa polo exercicio da potestade xurisdiccional nas ordes civil, social e contencioso-administrativa; mentres que o segundo versa sobre a taxa pola alta e modificación das fichas toxicolóxicas no rexistro de produtos químicos comercializados. Asemade, conta cunha disposición derogatoria e cinco disposicións finais.

A exposición de motivos comeza por rememorar que as taxas xudiciais (erradicadas pola Lei 25/1986, do 24 de decembro, de supresión das taxas xudiciais coa finalidade de garantir «que todos os cidadáns poidan obter xustiza calquera que sexa a súa situación económica ou a súa posición social») foron recuperadas nas ordes xurisdiccionais civil e contencioso-administrativa pola citada lei 53/2002, pola que se establece a súa aplicación só para persoas xurídicas non exentas.

Esta lei 53/2002 foi obxecto xa de diversas reformas parciais. Entre as máis importantes cómpre destacar a introducida pola Lei 4/2011, do 24 de marzo, de modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, para facilitar a aplicación en España dos procesos europeos monitorio e de escasa contía, que fixa a exención das taxas para todas as persoas físicas, as persoas xurídicas exentas do imposto de sociedades, e das entidades sen ánimo de lucro; así como a introducida pola Lei 37/2011, de medidas de axilización procesual, encargada de matizar a reforma anterior.

O Anteproxecto indica que o aboamento de taxas xudiciais polo exercicio da potestade xurisdiccional non lle afecta negativamente ao dereito ao acceso á xustiza, posto que a tutela xudicial efectiva é un dereito fundamental proclamado e amparado pola Constitución; non se pode confundir o dereito á tutela xudicial efectiva co dereito á xustiza gratuíta.

Como sustento desta afirmación faise uso da sentenza 20/2012 emitida polo Tribunal Constitucional, na que se confirmou a constitucionalidade do sistema de taxas xudiciais, admitindo «a viabilidade dun modelo no que parte do custo da Administración de xustiza sexa soportada por aqueles que máis se benefician dela», aínda que con matices e consideracións varias.

A implantación do novo sistema de taxas xudiciais comporta, respecto do réxime actual, unha ampliación substancial do feito imponible, así como dos suxeitos pasivos. Producirase unha actualización das contías nas xurisdicións civil e contencioso-administrativa, que lle afectará tamén á xurisdición social en segunda instancia de súplica e casación, e quedará exenta, polo de agora, a xurisdición penal. Respecto dos suxeitos pasivos, veranse obrigados tanto as persoas físicas coma as xurídicas, coa exención daqueles aos que se lles recoñeza o dereito á asistencia xurídica gratuíta ou se encontren declaradas en concurso.

O secretario xudicial será a figura encargada de comprobar o efectivo pagamento da taxa ou da actuación que se ha seguir no seu defecto.

Dende o Ministerio de Xustiza deféndese esta iniciativa legislativa coa finalidade pretendida de evitar a suposta litixiosidade artificiosa que satura na actualidade os nosos xulgados, en particular na segunda instancia, racionalizando o exercicio da potestade xurisdiccional e contribuíndo á necesaria modernización e eficacia da Administración de xustiza.

Estas novas taxas, contribuirán (segundo pretensións do Goberno) a sufragar o financiamento do sistema de xustiza gratuíta. Deste xeito, os 165 millóns de euros obtidos no ano 2011 —segundo datos facilitados pola Axencia Tributaria— ascenderían a unha contía próxima aos 306 millóns de euros.

Sen dúbida, atopámonos ante unha reforma polémica e moi controvertida que xa obtivo a oposición de institucións e colectivos compelidos no eido da xustiza.

Neste senso, o Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX) acaba de aprobar un informe en contra da suba das taxas xudiciais, no que recolle a advertencia formulada xa nalgunha ocasión polo propio Tribunal Constitucional segundo a cal a contía das taxas «non debe impedir ou obstaculizar de maneira desproporcionada o acceso á xurisdición».

Entende o CXPX que este incremento das taxas implica o establecemento de elementos que suporán desigualdades no acceso á xustiza, xa que as taxas son fixas, non están calculadas en función do nivel de renda e non existe un planeamento equitativo e distributivo, o que poderá fomentar unha Xustiza para ricos. Trataríase dun obstáculo para que a cidadanía poida acceder á tutela xudicial efectiva promulgada polo artigo 24 da nosa Constitución.

Asemade, continúa dicindo o CXPX, o sistema de taxas que pretende instaurar o prelexislador é completamente alleo aos mecanismos de solución extraxudicial do conflito no seo dos diferentes procedementos, tales coma a conciliación, a transacción ou a mediación. Polo tanto, a suba das taxas como instrumento para o incremento da eficacia e da racionalización da Administración de xustiza carece de toda lóxica se non se incentiva o uso dos medios alternativos antes aludidos, co fin de articular unha vía que permita recuperar o importe satisfeito cando a solución extraxudicial sexa exitosa.

Por outra banda, o Consello Xeral da Avogacía Española (CXAE) xa amosou enerxicamente o seu rexeitamento á revisión das taxas, xa que supón unha vulneración do dereito á defensa, fundamental e de relevancia constitucional, que resulta imprescindible para a supervivencia do Estado de Dereito.

O gasto en xustiza gratuíta, sinala o CXAE, é un investimento en paz social e a súa regulación pode ser mellorada, pero non debера presentarse como excesivo, xa que apenas representa un 6,5 por cento do gasto en Xustiza e porque o seu financiamento vén recollido nos Orzamentos, como está legalmente establecido, non dende taxas especiais.

Non cabe dúbida de que a revisión do sistema de taxas xudiciais polo exercicio da potestade xurisdiccional suporá unha limitación ao acceso da cidadanía á xustiza. Este efecto disuasorio que deriva directamente da implantación das novas taxas terá unha grave incidencia no dereito á tutela xudicial efectiva constitucionalmente protexido, xerando unha xustiza para os que máis teñen.

O financiamento da Administración de xustiza, incluído o sistema de xustiza gratuíta, xa se encontra contemplada nos Orzamentos xerais do Estado. Así pois, este sistema de taxas, de dubidosa constitucionalidade, configúrase como un copagamento ou repagamento do que xa sostemos cos nosos tributos.

A dinamización, a modernización e a eficacia do sistema xudicial pasa por dotar de medios axeitados a Administración de xustiza, polo incremento da produtividade, a instauración das novas tecnoloxías e o fomento dos mecanismos de prevención e solución extraxudicial das controversias.

Asemade, debe contarse coa interlocución dos axentes implicados. O Sr. Ministro de Xustiza incumpriu a súa promesa de someter á consideración do noso colectivo profesional o anteproxecto de revisión de taxas, esgrimindo ademais un argumento desafortunado e reproable que afonda no malestar da sociedade en contra da avogacía.

O aumento da litixiosidade ou o atraso na tramitación de asuntos non poden ser achacados a unha actitude belixerante da cidadanía, soporte e destinataria da Administración de xustiza.

TAXAS XUDICIAIS	Actual euros	Proposta euros	Incremento euros
CIVIL			
Verbal e cambiario	90	150	60
Ordinario	150	300	150
Monitorio e monitorio europeo e demanda incidental no proceso concursal	50	100	50
Concurso necesario	150	200	50
Apelación	300	800	500
Casación e de infracción procesual	600	1200	600
CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO			
Abreviado	120	200	80
Ordinario	210	350	140
Apelación	300	800	500
Casación	600	1200	600
SOCIAL			
Ordinario e demais modalidades procesuais	0	0	
Monitorio	0	0	
Suplicación	0	500	
Casación	0	750	



Francisco Caamaño, ex ministro de Xustiza

Pregunta: Por que decidiu no seu día estudar a carreira de Dereito?

Resposta: Realmente, eu quería facer Xornalismo, pero non había a licenciatura en Santiago e non me ilusionaba marchar a Madrid naquel momento. Como había moitos xornalistas licenciados en Dereito, decidín estudar Dereito coa idea de facerme despois xornalista. Ademais, era unha profesión que coñecía porque meu pai era avogado.

P: Terá moitas anécdotas da vida laboral do seu pai.

R: Era unha época que xa non existe. Os avogados do rural nos anos sesenta facían fronte a unha realidade ben distinta. A algúns recoñecementos xudiciais ían o xuíz, o secretario, os dous avogados, os peritos e as testemuñas. Comía todo o mundo á custa dos clientes, que se enfrontaban no preito pero tiñan que pagar a comida. lembro tamén ver nun xulgado de Corcubión os utensilios do forense nun recuncho, envoltos nun papel de xornal. Eran verdadeiramente sorprendentes.

P: E algunha que lembre dentro dos xulgados, na celebración dalgún xuízo?

R: Algúns xuízos e algunhas situacións eran interesantes. A meu pai faltáballe o brazo esquerdo e había un avogado en Noia que lle faltaba o brazo dereito. Eu tería nove anos e

Francisco Caamaño, ex ministro de Xustiza

«Preocúpanme os atrasos e as prórrogas na aplicación da Lei de acceso á avogacía»

Fillo de avogado e ex ministro de Xustiza, Francisco Caamaño agarda que o novo Goberno saque adiante a Lei de axuízamento criminal, xa encarrilada no seu mandato, e lamenta os continuos atrasos na Lei de acceso á avogacía. Cre que as taxas propostas polo novo Executivo poñen en risco a tutela xudicial efectiva.

estaba no xuízo, sentou alguén ao meu carón e díxome: “Mira, rapaz, dous avogados e non fan por un”. As testemuñas tamén me chamaban a atención, non entendían o castelán e os interrogatorios complicábanse moito.

P: E xa de vostede como avogado?

R: lembro unha na quenda de oficio. Había unha persoa detida no cuartel de Vimianzo polo roubo duns cabalos. El explicoume que ía co automóbil, cruzouse un cabalo e tivo un accidente. Morreu o cabalo e o automóbil quedou desfeito. O detido achegouse a un señor que estaba cos cabalos, pero negoulle que os cabalos fosen del porque non quería pagar os danos do automóbil. Daquela o detido deixou o automóbil nun taller, alugou unha furgoneta e colleu os cabalos. Claro, despois o dono dos cabalos, que dicía que non eran del, demandou o cliente por roubo. Atopas clientes moi intelixentes cando es avogado.

P: Canto tempo exerceu como avogado?

R: Dende que rematei a carreira, durante catro ou cinco anos, ata que tiveron o primeiro contrato na universidade. Cando xa era catedrático, traballei como avogado a tempo parcial, despois colaborei con varios bufetes e finalmente tiveron unha empresa de asesoramento legal. A avogacía coa que máis gocei foi a da primeira etapa, despois especialiceime en Dereito público.

P: Como chegou o salto á vida política?

R: Todo o mundo leva un político dentro e eu colaborara co PSOE en temas de informes ou nalgúns recursos xudiciais. Eu dirixía en Madrid a Fundación Democracia e Goberno Local e un día soou o teléfono e era María Teresa

Fernández de la Vega. Quería falar comigo e fun a Ferraz. A súa proposta era que eu fose secretario de Estado de Relacións coas Cortes, o que me deixou sorprendido e descolocado. Non me apetecía moito pero tiven unha segunda chamada, de Francisco Rubio Llorente, o meu mestre na universidade e que ía ser nomeado presidente do Consello de Estado. Díxome: “Fillo, imos reformar a Constitución, temos que estar aí e botar unha man”. Decidín aceptar e atopeime cun posto cunha carga política maior da que pensaba. Establecer a conexión entre o grupo parlamentario que apoia ao Goberno e o propio Goberno, sendo ademais un negociador co resto dos grupos parlamentarios. Foi unha experiencia marabillosa.

P: Cando chegou a oportunidade de ser ministro?

R: Tiven unha chamada do presidente, informoume de que o ministro Mariano Bermejo ía dimitir e díxome que eu sería un bo ministro de Xustiza. Era un momento complicado, pola crise económica e a recente folga de xuíces, pero tiven a oportunidade de poñer moitas cousas en marcha mentres fun ministro de Xustiza. Máis de vinte modificacións lexislativas, a oficina xudicial, o expediente xudicial electrónico, que xa é unha realidade na Audiencia Nacional, o Rexistro Civil informatizado e accesible mediante Internet... aínda que

pola forma de entender a xustiza do novo Goberno, hai cousas que se paralizan agora. Agardo que a Lei de axuízamento criminal siga adiante, porque era un moi bo proxecto de lei e así o valorou moita xente. É imprescindible para o país e hai unha comisión traballando nese tema. Era un modelo que lle permitía ao fiscal asumir a investigación penal sen mingua das garantías dos xusticiables, era unha das claves do novo modelo. Se quen investiga e decide é o xuíz, as instrucións duran anos e non o podemos permitir.

P: Cre que os cidadáns teñen unha boa imaxe da xustiza?

R: Non, teñen unha mala imaxe e teñen razón. Seguimos cun Poder Xudicial moi corporativo e

cun sistema de xustiza pouco claro e transparente. Todos os profesionais do dereito temos que cambiar algunhas cousas, aínda que non é doado.

P: A lentitude da xustiza é outro dos grandes problemas.

R: Si, pero tampouco podemos enganar as persoas. Unha xustiza moi rápida tampouco sería moita xustiza. A xustiza require tempo, pero ten que ser un tempo razoable e hoxe non o é. Hai que tomar medidas que sirvan para axilizar os procedementos.

P: Como afectará a Lei de acceso á avogacía?

R: Eu estou preocupado polas prórrogas continuas á lei de acceso. Chegamos a un acordo despois de moito traballo entre os reitores, o Goberno, o Conxello Xeral da Avogacía e os

procuradores. Fixemos un regulamento, estaba todo preparado e o novo Goberno suspende e prorroga de novo esta lei e eu penso que esta non é a mellor maneira de facer as cousas. Atrasar a entrada en vigor da lei é un erro, aínda que despois cambiasen algúns puntos da normativa.

P: Algunhas medidas do ministro Alberto Ruíz Gallardón non convencen os avogados.

R: Con respecto a unha delas, a posibilidade de celebrar matrimonios ante notario, esa capacidade téñena, tras un acordo co PP, os municipios. O

registro civil xa está en base de datos e quen queira casar non ten que facer ningún expediente. Cando entre en vigor a nova lei, chega ao concello e o secretario, que é un federatario público, entrará na base de datos e comprobará se non están casados e son maiores de idade. Se todo está en orde, celebrarase a voda co concelleiro ou con quen estea habilitado para casar. Todo isto está na Lei de rexistro civil e isto descoñecíaao ao parecer o ministro de Xustiza o día que dixo que quería dállelo aos notarios.

P: Está enriba da mesa a reordenación dos partidos xudiciais.

R: Hai que reflexionar sobre a planta xudicial. Nós no Goberno encargamos un informe, ben recibido polo sector, no que se fala da supera-

«Tiven a oportunidade de poñer moitas cousas en marcha mentres fun ministro de Xustiza: máis de vinte modificacións lexislativas, a oficina xudicial, o expediente xudicial electrónico, que xa é unha realidade na Audiencia Nacional, o Rexistro Civil informatizado e accesible mediante Internet...»

ción do partido xudicial, non da supresión, son palabras ben distintas. O informe aposta polos tribunais de instancia para substituír os xulgados como os temos hoxe, e manter nalgúns partidos xudiciais sen moita carga de traballo unha figura que o informe chama «xuíz de base», que lembra os antigos xuízes de distrito ou comarcais. Este xuíz levaría xuízos de faltas, cuestións civís ata determinadas cantidades e algúns asuntos contencioso-administrativos que teñen que ver cos municipios, como obras urbanísticas menores ou non pagamentos dalgúns recibos municipais, sancións municipais ata unha contía... Todo isto da supresión dos partidos xudiciais recolle unha vella aspiración da dereita xudicial: «xa que aprobei unha oposición, quero vivir nunha cidade e non nunha vila».

P: E con respecto á subida das taxas?

R: Sorprendeume e inquiétame moito máis. A subida de taxas obedece ao intento de solucionar o problema dos xulgados españois, que están moi cargados de traballo, evitando que entren máis asuntos a través do afastamento da xustiza da cidadanía. Isto pódese facer mediante o encarecemento das taxas, xa que se perdes un xuízo tes tamén que afrontar as custas e as taxas da outra parte. É unha situación que pon en perigo a tutela xudicial efectiva.

P: Os cidadáns len a prensa e non acaban de asumir os problemas na cúpula do Poder

Xudicial, a non renovación de vogais no Constitucional...

R: O Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX) non é poder xudicial, non pronuncia sentenzas e é un órgano político, quen ten que ser independente é o xuíz que pronuncia as sentenzas. O CXPX foi na miña opinión un erro do constituínte español, só existe en Italia e en España. Habería que pensar nunha reforma constitucional e analizar con calma se é necesario ou non. No Constitucional, o PP cuestionou a Lei do Tribunal Constitucional, que se reformara para permitir que o Senado nomease algúns membros, por certo, unha proposta que fixera Manuel Fraga. O PP recorreu contra a lei e o regulamento do Senado, pero o Constitucional dixo que non había nada inconstitucional. Despois disto, o PP, en vez de facer propostas polas comunidades autónomas, dixo que había dous candidatos para todas e negouse a negociar. O aceptades o meu ou non hai candidato; iso non é o que quere a Constitución.


P: Dúas últimas preguntas máis persoais. Que lugar de Galicia elixiría?

R: Por non citar se Cee ou Corcubión e ter que elixir, calquera enclave da Costa da Morte é para min imprescindible. Iso si, que estea a carón do mar.

P: Que libro regalaría nestes momentos e por que?

R: É moi difícil seleccionar un só libro, pero nos momentos que vivimos lembraría algúns libros que nos informan da situación da Europa de posguerra, de como estabamos e como nos levantamos.

Tamén aquelas lecturas vinculadas á solidariedade, é algo moi importante, que a felicidade non é o PIB, un Porsche ou un apartamento en non sei onde. *O Espírito de Filadelfia* é un libro que lembra o Tratado de Filadelfia, que é a base da OIT. Parte da idea de que o traballo non é unha mercancía e nel reflexiónase sobre estas cousas. Penso que, por exemplo, é unha lectura moi recomendable.



Xosé Ramón Oulego, durante a conversa con Francisco Caamaño

*Infórmese sobre nuestros
locales comerciales en Santa
Marta y NovoMilladoiro,
en alquiler con opción
de compra.
Hágase cliente, grandes
comercios de la ciudad
ya lo son.*



**Consulte
precios**



SSG le ofrece la oportunidad de trabajar como siempre había soñado, en un espacio diáfano con el máximo aprovechamiento de luz natural y con gran poder de seducción para atender a sus visitas profesionales.

Ahora es el momento de alquilar, comprar o alquilar con opción de compra el loft de su vida para iniciar un nuevo negocio o reubicar el actual, entre espacios abiertos, en una zona sin atascos ni agobios y sin necesidad de salir de Santiago.

**Lofts en NovoMilladoiro y Santiago.
Mejores condiciones de trabajo.
Mejor imagen de empresa.**



Seguridad. Satisfacción. Garantía

EN MILLADOIRO:
Rúa das Palmeiras, 19. • 981 94 16 50 / 629 183 051 / 620 283 621

EN SANTA MARTA:
Avda. da Liberdade (caseta de información) • 981 52 58 28 / 690 694 794

infosantiago@santiagosur.com • www.santiagosur.com

«A crise económica tamén é un disparador de determinados comportamentos de risco»

Despois de 22 anos de traballo, Proxecto Home Galicia estreou o ano pasado unha nova sede en Santiago de Compostela. O seu director, Ramón Gómez Crespo, lembra que a prevención das diferentes adiccións entre a adolescencia é unha materia pendente na sociedade.

Pregunta: A cantas persoas asiste Proxecto Home en Galicia?

Resposta: O volume asistencial nun ano aproxímase ás 1.200 persoas e, se falamos de xente en tratamento, estamos nunha media dunhas 550 persoas nos sete centros que temos en Galicia.

P: Que cambios houbo no tipo de adicción nos últimos anos?

R: Dende hai dez anos hai un retroceso no consumo de heroína, pero o aumento é considerable dende hai seis ou sete anos no consumo de cocaína. Tamén temos un perfil en aumento de persoas con adicción ao xogo ou ás compras compulsivas, que non son grupos significativamente grandes pero indican unha tendencia, a das dependencias comportamentais. Hai problemas tamén de xente moi nova, de 13 ou 14 anos, que presentan unha dependencia excesiva ás novas tecnoloxías ou ás videoconsolas. No futuro, será unha problemática seria.

P: Aumentan os problemas relacionados co xogo e coa ludopatía por mor da crise?

R: É outra das grandes preocupacións que temos, sobre todo porque no escenario en que nos movemos hai moita incitación ao xogo. A crise tamén é un elemento disparador de comportamentos de risco e agora, con Internet, nin sequera fai falta desprazarse ás salas de xogo ou aos casinos.

P: É doado que unha persoa pida axuda?

R: A estrutura familiar é importante, así como a dispoñibilidade da persoa que ten un problema a querer meterse nunha dinámica psicoterapéutica. Teñen que deixarse axudar.

P: Como é a asistencia?

R: O primeiro paso ten que ser a contención, parar a conduta de risco, e despois un traballo forte de carácter cognitivo. Cada caso e cada



Ramón Gómez Crespo, diante da nova sede de Proxecto Home

perfil é diferente e o traballo é personalizado. O modelo de Proxecto Home comeza cunha fase de diagnóstico, de valoración da adicción, para despois axudar a superala. A participación da familia e do seu contorno é fundamental para que as persoas atendidas acaden unha nova estrutura e poidan controlarse.

P: Co obxectivo da reinserción social.

R: Por suposto, iso ten que chegar nunha fase na que as terapias retroceden e adquire unha maior intensidade a xestión na autonomía da propia persoa. É un proceso que pode ser longo, porque normalmente nunha persoa adicta hai un período de silencio da problemática que pode durar anos, pasa tamén noutro tipo de enfermidades. A rehabilitación non é unha variña máxica ou algo sinxelo, hai que rearmar as potencialidades desa persoa e a súa área afectiva.

P: En que outros aspectos está afectando a crise económica?

R: Afecta á hora de afrontar a reinserción laboral das persoas, porque está todo moi complicado, e coa crise está emerxendo tamén un perfil de persoas que chegan a Proxecto Home por problemas co consumo de alcol e

R: Houbo un cambio enorme dende hai anos, afortunadamente para ben. Agora podes atopar unha persoa con problemas de adicción en calquera familia ou grupo de amigos, xa non é algo tan marxinal como era antes. Estamos ademais nunha época en que parece que todo vale, que un home ou unha muller é un banco de probas e hai que probalo todo. Pero cando unha persoa fai un proceso serio de rehabilitación, normalmente afronta con éxito a reinserción laboral e social. Non existe o rexeitamento de antes, aínda que agora hai menos traballo para todo o mundo.

P: Necesita unha protección especial unha persoa que supera unha adicción?

R: Temos que ter claro que unha persoa que consegue a reinserción na sociedade, e en Proxecto Home levamos 7.500 altas terapéuticas en vinte anos, ten os seus dereitos pero tamén os seus deberes e as súas obrigas. Saen preparados, a rehabilitación é un proceso complexo de análise, de profundización, de toma de conciencia, de qué é o que levou a unha persoa a caer nunha adicción. Hai que analízalo todo e despois comezar a

construír, dar pasos para non caer.

P: Inclúe formación laboral o proceso?

R: Si, aquí temos cursos e obradoiros de informática, cantaría, cociña, albañilería, traballos agrarios... Liñas nas que as persoas que están en rehabilitación poden ter contacto con diferentes áreas nas que poder desenvolver cualificacións.

P: Os adolescentes teñen moita máis información da que había hai vinte anos, pero fala de que o consumo comeza en etapas temperás e parece que non hai percepción de medo na mocidade, falla entón a prevención?

R: Nas idades adolescentes sempre existe a curiosidade polo descoñecido ou polo risco. É certo que agora hai información de todas as substancias e adiccións, pero é moi baixa a percepción de risco, o famoso «eu controlo». O

traballo na prevención é unha materia aínda pendente, ten que pivotar sobre a poboación diana, ou sexa os adolescentes, as familias e o ámbito educativo. A prevención ten que ser algo continuo, non vale cunha conferencia nun colexio ou cunha campaña, e é moi complicado estruturar uns programas serios de prevención.

P: Ten Proxecto Home programas de prevención?

R: Claro, temos un programa para desenvolver ao longo dos cursos que dura a ESO, que está á disposición dos centros educativos sempre e cando o soliciten. Hai que empezar en primeiro da ESO e seguir catro anos, pero é moi complicado porque non hai tantos colexios que o soliciten e despois é imprescindible a participación dos pais nalgúns sesións. Na sociedade actual, na que parece que non temos tempo para nada, é case imposible levar a cabo un programa completo de prevención e é algo fundamental para as futuras xeracións.

P: Proxecto Home ten nova sede dende hai un ano. Que supuxo para a institución?

R: A nova sede dálle estabilidade ao proxecto e ademais, despois de 22 anos, era tempo de contar cunha sede propia. O soar foi unha doazón do Concello de Santiago e das obras encargouse a Fundación Amancio

Ortega. Temos un edificio funcional e moi bo para as nosas necesidades.

P: Que orzamento ten Proxecto Home? É posible mantelo coa crise?

R: Para os sete centros galegos temos un orzamento anual de 3,5 millóns de euros. Do erario público, sexa Xunta, Estado, Deputación ou Concello, chegaba o 70%, pero a cifra caeu un 30% xa coa crise. Temos que petar porta a porta e traballar moito para acadar o orzamento que necesitamos.

P: Que lle esixe a un voluntario?

R: Compromiso e seriedade. Se chegas a Proxecto Home para lles dar unhas clases ás persoas en tratamento, como é lóxico, despois tes que cumprir, pero estamos moi contentos e agradecidos aos nosos voluntarios e voluntarias polo seu esforzo.



Adrián García, na entrevista a Ramón Gómez

“Non estou a favor das taxas xudiciais para as persoas físicas”

Despois de máis de dous anos en Santiago, Jesús Gómez volve este verán ao seu municipio de orixe, Guadalajara. Deixa un grato recordo entre o sector xudicial da cidade e eloxia o traballo dos avogados composteláns. Con respecto á situación da xustiza, lamenta a falta de medios e considera que non é unha prioridade para os gobernos, xa que non dá votos como pasa coa sanidade ou a educación.

Pregunta: Canto tempo leva en exercicio?

Resposta: Como maxistrado, dous anos e medio.

P: E despois dese tempo, cales cre que son os problemas máis graves da xustiza en España?

R: Agora mesmo, é importante o aumento das reclamacións por non pagamento de cantidades, a maioría das demandas é por este motivo, moitos desafiuamentos e en Galicia tamén hai moitos asuntos de declaracións reivindicativas de propiedades ou cuestións de dereitos reais.

P: Cambian daquela os motivos dos xuízos nun lugar ou outro de España?

R: Si, claro, aquí en Galicia hai moitos casos derivados dos minifundios e da situación xeográfica das aldeas. Hai moitos litixios relacionados cunha propiedade ou vinculados ao Dereito sucesorio.

P: Ten solución o colapso xudicial?

R: Na instrución de primeira instancia civil, que é onde estiven eu en Santiago, non hai colapso. Os xuízos sinálanse a dous meses de media dende a

presentación da demanda. O problema da xustiza é a falta de medios e de orzamentos, non interesa moito a xustiza porque non dá votos, non é o mesmo que a sanidade ou a educación. O cumprimento das leis procesuais fai tamén que se dilaten os procesos.

P: O novo goberno estuda medidas que non son ben vistas pola avogacía compostelá, como é a posibilidade de abrir os xulgados en agosto ou a aplicación das taxas xudiciais, que opinión lle merecen?

R: A posibilidade de abrir en agosto non aforrará moito, os funcionarios e os avogados teñen que gozar de vacacións, como é lóxico, e se traballan en agosto teñen que marchar de vacacións outro mes. Con respecto ás taxas, eu creo que a xustiza ten que ser accesible ao cidadán e eu deixaría as cousas como están, non estou a favor das taxas para as persoas físicas.

P: Entende o descrédito do sector entre a cidadanía, en parte polo que está pasando no poder xudicial ou noutros órganos clave.

R: Eu entendo que a xustiza non é a que sae na prensa ou na televisión, a xustiza é o día a día nos xulgados e iso funciona ben. O que non entende a cidadanía é o sistema de elección dos representantes do Consello Xeral do Poder Xudicial, onde pode haber inxerencia política. Cóntame que hai a intención de cambiar cousas na actual lexislatura.



Manuel Martín, no despacho do xuíz Jesús Gómez

P: Considera que a cidadanía recorre en exceso aos tribunais?

R: Nalgúns casos si, é certo que hai un exceso de litixiosidade e deberían primarse outras alternativas como é o caso da arbitrase.

P: A xustiza é igual para todos?

R: Eu entendo que si, eu polo menos trato a todo o mundo por igual. Outra cousa é o que se ve ás veces nos medios de comunicación, con decisións ou sentenzas que ao mellor non se entenden, pero iso non quere dicir que a actuación do xuíz non fose axeitada.

P: Outro tema polémico e mediático é o xulgado popular.

R: O xulgado popular está previsto para o sistema anglosaxón. En España non ten tanta tradición. Está na Constitución e algúns veredictos recorréronse e os tribunais estimaron a nulidade... Home, como está agora pode valer, non son partidario de reformalo, nin para suprimilo nin para darlle un maior ámbito de actuación.

P: Vostede tivo trato acotío cos avogados de Santiago, que opinión lle merecen?

R: A miña opinión dos avogados de Santiago é moi boa, non atopei nestes dous anos avogados con malas artes procesuais, ao contrario, atopeime con persoas moi accesibles, correctas e honradas. A avogacía desta cidade é bastante boa.

P: Ningunha queixa logo.

R: Non, a verdade é que non, e ademais eu teño unha forma moi peculiar de entender a xustiza, no senso de que eu creo que a impartimos todos, dende o avogado que redacta ben unha demanda ata o funcionario que tramita rapidamente o procedemento. Todos formamos parte dunha engrenaxe e todos temos que colaborar.

P: E como colaborador da Escola de Práctica Xurídica, considera que a preparación que reciben os alumnos antes de exercer é correcta?

R: Eu non coñecín unha institución mellor que a Escola de Práctica Xurídica de Santiago en ningún lado. De feito, asistín a xuízos simulados e quedei marabillado do ben que se forma os alumnos, o cal é un requisito esencial. Saen moi ben preparados.

P: Algunha anécdota que recorde destes dous anos?

R: Lembro un xuízo de desafío. Compareceron dous

demandados e un era o asinante do contrato de arrendamento. Recoñeceu os feitos e que non pagaba. “Entonces, allana la demanda”, díxenlle, e el contestou que “non allanara ningunha vivenda”, que el se metera na vivenda con permiso.

P: Exerceu en Valencia, Guadalajara e agora en Santiago, que botará de menos?

R: En principio ía ir ao Mediterráneo no 2010, pero Santiago tiña unha mellor situación en canto a número de procedementos. Díxéronme que aquí o clima era moi hostil e eu viña con toda a familia, pero volvo para a casa con moitos amigos, foi unha etapa marabillosa e teño unha gratísima impresión do que vivín aquí. O tempo non é tan malo e a xente é moi cariñosa.

P: Coñeceu Galicia?

R: Creo que non me queda nada por coñecer, Galicia é preciosa, o interior e a costa. En Santiago, a zona vella é impresionante, e despois as Rías Baixas, a Costa da Morte, lugares moi diferentes pero con moito encanto.

P: Que afeccións ten?

R: Xogar ao tenis e esquiar.

P: Un libro recente?


R: *Historias dun converso*, pero leo máis en vacacións. Estou todo o día lendo xurisprudencia e en épocas de traballo non leo moito.

P: Que comida galega lle gusta?

R: Churrasco, marisco, cocido... tendes a mellor despensa de Europa.

P: É xuíz por vocación ou pensou en ser avogado?

R: Non pensei en ser avogado, quería traballar na Administración de xustiza.



Jesús Gómez exerceu durante máis de dous anos en Santiago

Honorarios profesionais para a taxación de custas



Manuel Arza Galán
Colexiado 1919
Secretario técnico do ICA de Santiago

Os días 5, 12 e 20 de marzo de 2012 tivo lugar no Colexio de Avogados de Santiago de Compostela o primeiro curso sobre honorarios profesionais para a taxación de custas. A esta formación, que foi impartida polo secretario técnico do colexio, Manuel Arza Galán, asistiron máis de cen letrados e letradas. En atención á petición dalgúns letrados que non puideron asistir a este curso, publícanse neste número da revista o relatorio e os casos prácticos presentados.

Introdución

Tendo en conta os máis de 2.000 informes de honorarios que o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela fixo nos últimos anos e no gran número de consultas que se atenden acotío, chegamos á conclusión de que o 90% das impugnacións por excesivas se basea nas seguintes causas:

- No baremo que se aplica (1991, 2002, 2009...).
- Na contía do procedemento (indeterminada, determinada, contía da execución, contía da apelación. Acumulación de autos. Reconvención).
- Na aplicación da escala tipo (aplicación de portenta-xes).
- Nos criterios orientadores e na aplicación do incremento de IPC
- Nas execucións: diferenciar entre execución de resolucións xudiciais e a execución doutros títulos.
- Na división xudicial de patrimonios: "contía".
- Na limitación da terceira parte da contía (artigo 394 da LAC).

Polo tanto, non analizaremos unha por unha as 337 normas que ten o actual baremo de honorarios, senón que nos centraremos en tratar de explicar aquelas normas que pola súa complexidade ou distintos criterios de interpretación, orixinan a maior parte das impugnacións por excesivas.

1. Ámbito de aplicación

Á hora de confeccionar unha minuta, o primeiro problema que se nos pode presentar é o de decidir que baremo aplicamos, xa que nos últimos 28 anos estiveron en vigor sete baremos distintos con ámbitos territoriais diferentes.

- Ámbito de aplicación temporal
- Ámbito de aplicación territorial

1.1 Ámbito de aplicación temporal

- De 1981 a 1990. Normas orientadoras para a fixación de honorarios profesionais do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago, aprobadas na xunta xeral extraordinaria do 26.06.1981, en vigor ata maio de 1990.
- De 1990 a 1991. Normas de honorarios dos Ilustres Colexios de Avogados da provincia da Coruña, aprobadas o 17.05.1990 e que estiveron en vigor ata o 01.09.1991.
- De 1991 a 2002. Normas de honorarios dos Ilustres Colexios de Avogados de Galicia de 1991. Entrada en vigor o 01.09.1991 ata o 31.01.2002.
- 2002. Baremo de honorarios dos Ilustres Colexios de Avogados de Galicia. Entrada en vigor o 01.02.2002 e derogado polo acordo do Consello da Avogacía Galega 12/2006, seguindo recomendacións da Comisión Nacional da Competencia.
- De 2002 a 2008. Criterios orientadores e custos de referencia das actuacións profesionais do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago, aprobados na xunta xeral do 29.01.2007 e que entraron en vigor (retrotráense) ao 01.02.2002. Vixentes ata o 31.12.2008.
- 2009. Criterios orientadores e custos de referencia das actuacións profesionais do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de 2009, entrada en vigor o 01.01.2009.
- 2010. Criterios sobre honorarios profesionais do ICA de Santiago para a taxación de custas e a xura de contas, aprobados mediante o acordo da xunta xeral do 20.01.2010 e para a súa adaptación á lei

ómnibus (Lei 25/2009 de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio), modifícanse os anteriores criterios do 2009 (só serán de aplicación para as custas e as xuras de contas).

Para a súa aplicación tense en conta a data de inicio do procede-



mento xudicial (presentación da demanda, inicio das dilixencias previas etc.).

1.2 Ámbito de aplicación territorial

- Normas de 1981: ámbito territorial do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago
- Normas de 1990: provincia da Coruña
- Normas de 1991: Galicia
- Baremo de 2002: Galicia
- Criterios orientadores e custos de referencia das actuacións profesionais do ICA de Santiago, de 2002 e 2009: ámbito territorial do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago

Actuacións profesionais e xudiciais levadas a cabo dentro do ámbito territorial do ICA de Santiago:

«Ámbito de aplicación: Os presentes criterios serán de aplicación en todas aquelas actuacións profesionais que os avogados, adscritos ou non ao Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, desempeñen no ámbito territorial que corresponda a este colexio.»

2. Cantidades orientadoras e incremento do IPC

- Ao pé de cada norma figura unha cantidade orientadora («mínimos») que se aplicarán cando a cantidade resultante de aplicar a escala tipo á contía do procedemento sexa inferior a ese «mínimo» e desproporcionada por defecto ao traballo que supón a intervención profesional do letrado.
- O incremento do IPC só se aplicará a estas cantidades orientadoras ? nunca á cantidade resultante da escala tipo, nin á contía do procedemento? .

Contías do IPC: acumulando ano tras ano, salvo que por acordo da Xunta de Goberno se estableza unha cantidade.

CASO PRÁCTICO

1) Procedemento verbal: contía de 600€
Norma 57: aplicación da escala tipo sobre 600 = 141€

Procederá aplicar a cantidade orientadora de 500€.

(Nota: Limitación da terceira parte da contía $600:3 = 200$. É unha cuestión de «indebidos» non de «excesivos»)

2) Procedemento verbal: contía de 1800€
Norma 57: aplicación da escala tipo sobre 1800 = 333€

Procederá aplicar a cantidade orientadora de 500€.
(Nota: A limitación da terceira parte da contía non afectaría $1800:3 = 600$)

3. Aplicación da escala tipo

Cando as normas nos remiten á aplicación da escala tipo, tómase como base a contía do asunto e aplicarase a escala tipo segundo a porcentaxe que sinala cada norma; se non sinala porcentaxe, enténdese que é o 100%.

CASO PRÁCTICO (de aplicación da escala tipo):

1) 100% da escala tipo

Procedemento ordinario: contía 30.000€

Procedemento ordinario por razón da contía:

Escala tipo ao 100%

Escala: os primeiros 24.000: 2.985

o resto 6.000 (ao 9%): 540

Total 3.525€ + IVE

2) 25% da escala tipo

Medidas cautelares: contía 80.000€

Norma 32.a) con oposición

Escala tipo ao 25%

Escala:

os primeiros 48.000 (escala tipo ao 25%): 1.286

o resto 32.000 (8%) = 2.560

(25%)*: 640

Total: 1.926€ + IVE

* *Calcúlase o 25% desta cantidade, non se aplica a escala tipo ao 25%.*

Programa de cálculo na web do colexio:

http://www.icasantiago.org/honorarios/calculo_honorariospeq.htm

4. Contía

Para o cliente: título preliminar, capítulo VII a)

Considérase como contía do asunto o valor real dos bens, dereitos ou intereses obxecto de litixio, aínda que fose distinta á contía fixada na demanda ou contía do preito.

(Exemplo: Procedemento no que se discute a titularidade dunha parte dun terreo. Na demanda fixébase a contía como indeterminada. Para as custas, a contía sería indeterminada, pero para o propio cliente a contía será o interese obxecto do litixio, é dicir, o valor da parte do terreo en disputa.)

Para as custas: título preliminar, capítulo VIII a)

Considerarase contía de asunto:

- Se fose determinada, a que a cuestión tivese nos autos.
- Nos casos en que a contía figurase no procedemento como indeterminada, considerarase como tal a de 18.000 € (artigo 394 da LAC).

É criterio da Xunta de Goberno deste Colexio que cando non se fixe contía, esta entenderase como indeterminada (18.000 €).

4.1 Contía na acumulación de autos: título preliminar, capítulo VII c)

Na acumulación de autos, a determinación farase polas sumas das contías de todos os procedementos a partir da acumulación.

Nestes casos minutaranse por separado e tomando a contía de cada procedemento antes da acumulación. A partir da acumulación minutarase por un único procedemento tomando como contía a suma de todas elas.

CASO PRÁCTICO

Procedemento ordinario 01/2009: contía 6.000 €
Procedemento ordinario 05/2009: contía 4.000 €
A acumulación prodúcese na audiencia previa.

Como se minuta:

- Fase das alegacións por separado (fase de alegacións 60%)
Ordinario 01/2009 (honorarios por todo o procedemento, escala tipo ao 100% sobre 6.000 €: 945 €)
Fase de alegacións 60% de 945 = 567
Ordinario 05/09 (4.000 €, escala tipo ao 100% = 665)
- Fase de alegacións 60% de 665 = 399
Acumulación na audiencia previa

Contía acumulada: $6.000 + 4.000 = 10.000$

10.000 , escala tipo ao 100% = 1.425
Audiencia previa 20% = 285
Xuízo 20% = 285
 $285 + 285 = 570$

Minuta resultante $567 + 399 + 570 = 1.536 + \text{IVE}$

4.2. Contía na reconvencción: título preliminar, capítulo VII d)

Fixaranse os honorarios en relación coa contía total que resulte (se se estima unha e se desestima a outra con custas).

Acumúlase a contía da demanda e a da reconvencción.

CASO PRÁCTICO

Demanda con contía de 20.000 €. Na contestación á demanda preséntase unha reconvencción e fíxase a cantidade desta en 10.000 €.

Por sentenza, estímase a demanda e desestímase a reconvencción con custas ao demandado reconveniente.

Contía = demanda + reconvencción = $20.000 + 10.000 = 30.000$

Aplicarase a escala tipo sobre $30.000 = 3.525$

(Se se estima parcialmente a demanda sen custas e se desestima a reconvencción con custas, neste caso non procede a acumulación, xa que só hai custas en relación coa reconvencción, só se tomará como base a contía da reconvencción.)

4.3 Contía nas execucións forzosas: título preliminar, capítulo VII f)

O apartado f do capítulo VII do título preliminar establece: «Nos procedementos de execución forzosa, a base para o cálculo de honorarios virá constituída polas cantidades polas que se despacha a execución.»

Auto polo que se despacha a execución: principal + xuros + custas

4.4 Contía nos recursos: título preliminar, capítulo VII h)

O apartado h do capítulo VII do título preliminar establece: «Nos recursos, tomarase como base a que tivese o asunto na primeira instancia, agás que se limite a impugnar uns aspectos concretos da resolución, caso no que a contía se reduciría ao importe parcial destes. No caso de que o recurso se basee en simple deferencia económica entre a pretensión solicitada e a recoñecida en sentenza ou resolución, tomarase como contía do recurso o importe de tales diferenzas.»

Se no recurso de apelación se impugna a totalidade da sentenza da primeira instancia, nestes casos aplícase a norma correspondente á apelación: 60% dos honorarios da primeira instancia.

Se o recurso de apelación se limita a impugnar un aspecto concreto da sentenza de primeira instancia ou a simple diferenza económica, tomarase como base as devanditas diferenzas.

5. Transaccións extraxudiciais ou xudiciais

Aínda que esta non sería unha cuestión que debater en custas, pode ter transcendencia nunha posible conta de avogado.

Solución ou transacción extraxudicial

Norma 18. Se o asunto se soluciona ou se chega a transacción antes de iniciarse a contenda xudicial, os honorarios do letrado serán o resultado de aplicar a escala tipo ao 100%, tomando como contía base o interese económico pactado co límite do 50% do que lle correspondería á totalidade do procedemento evitado.

CASO PRÁCTICO

Posible reclamación de contía: 60.000 €
Chégase a un acordo extraxudicial por 45.000 €

Escala tipo ao 100% sobre 45.000 = 4.875
(Límite do 50% do procedemento ordinario: 60.000 (escala tipo ao 100%) = 6.105, o 50% = 3.052,50)

Polo tanto, polo acordo extraxudicial só poderíamos minutar ata 3.052,50 €.

Solución ou transacción unha vez iniciado o procedemento

Norma 19. Se a solución ou transacción fose acordada unha vez iniciado o procedemento xudicial, aplicarase a escala tipo (100%) tomando como base o interese económico ou cantidade pola que se chegou a acordo, co límite do 75% dos honorarios que lle corresponderían á totalidade do procedemento iniciado.

Exemplo: Coma no caso anterior, pero co límite do 75%

CASO PRÁCTICO

Procedemento ordinario: contía 60.000 €
Chégase a un acordo por 45.000 €

Escala tipo ao 100% sobre 45.000 = 4.875
(Límite do 75% do procedemento ordinario: 60.000 (escala tipo ao 100%) = 6.105, o 75% = 4.578,75)
Polo tanto, só poderíamos minutar ata 4.578,75 €. Coma no caso anterior, pero co límite do 75%

6 Xurisdición civil
Regulada no libro II das Normas.

6.1 Declinatoria

Norma 31. Por acordo da Xunta de Goberno do 28.04.2011 aplicárase a escala tipo ao 5% (antes 25%).

6.2 Medidas cautelares

Norma 32:

- a) Con oposición: escala tipo ao 25%
- b) Sen oposición: escala tipo ao 10%

A problemática na aplicación desta norma radica na contía que se toma como base.

Nas normas de 2002 establecíase que os honorarios se fixasen en atención ao interese económico da medida solicitada (na maioría dos casos tomábase como contía a do procedemento principal).

Nos criterios orientadores do 2009 modifícase e establécese o seguinte:

«A contía que se debe tomar como base para o cálculo dos honorarios das medidas cautelares será:

- Se se fixa a contía expresamente na petición de medida cautelar, será esta a que se teña en conta co límite da contía da demanda principal.
- Se non se fixa contía pero acórdase a caución, será a contía desta caución.
- Se non se fixa expresamente contía nin se acorda caución, considerarase contía indeterminada.»

CASO PRÁCTICO

Procedemento ordinario: contía 600.000 €
Solicítanse medidas cautelares cunha caución de 200.000 €
Hai oposición.
Desestímase a medida cautelar con custas.

Minuta:

Norma 32.a): con oposición, escala tipo ao 25%
Contía: ao acordarse caución = 200.000 €
200.000 (escala tipo ao 25%) = 4.326,25 €

Se non se acordase caución e ao non se fixar expresamente a contía, a contía das medidas cautelares sería indeterminada = 18.000 €.

18.000 (escala tipo ao 25%) = 581,25 €.

6.3 Xuízo ordinario

- Por razón da contía: norma 33

Norma 33. Aplicación da escala tipo ao 100% sobre a contía do asunto.

- Por razón da materia: normas 34 a 56

Xuízos en relación con sociedades e impugnación de acordos sociais.

Normas 35 e 36. Estas normas sinalan que se aplicará a escala tipo ao 100% sobre a contía do procedemento e fixan un criterio orientador de 1.200 €. (Hai letrados que interpretan que cando a contía é indeterminada se debe aplicar o mínimo dos 1.200 €). O criterio da Xunta de Goberno é que se aplica a escala

tipo á contía do procedemento e, se esta é indeterminada, tomará como contía a de 18.000 €, da que resultan uns honorarios de 2.325 €.

6.4 Xuízo verbal

Xuízo verbal por razón da contía: norma 57

Norma 57. Aplicación da escala tipo ao 100% sobre a contía do procedemento (contía fixada na demanda).

Xuízo verbal por razón da materia: normas 58 a 67.

6.5 Desafiuzamentos por falta de pagamento

Norma 58. Regra xeral en canto á contía:

- Con carácter xeral: importe dunha anualidade de renda.
- No caso de enervación: cantidades debidas ao presentar a demanda.

Acumulación de accións de desafiuzamento por falta de pagamento e reclamación de rendas.

Norma 59. Neste caso minutaranse ambas as accións por separado cunha redución do 30%.

- Acción de desafiuzamento: norma 60 (anualidade de renda)
- Reclamación rendas: norma 57 (rendas reclamadas)

CASO PRÁCTICO

Demanda de desafiuzamento por falta de pagamento (renda 400 €/mes) e reclamación de rendas de 3.800 €, con oposición.

Minuta:

- Por acción de desafiuzamento: norma 60
Contía: $400 \times 12 = 4.800 \text{ €}$
Norma 60.b), con oposición (75% da escala tipo sobre 4.800 €) = 582 €
- Por reclamación de cantidade de rendas: norma 57
Contía: 3.800 €
Norma 57 (esc. tipo ao 100% sobre 3.800 €) = 637 €
 $582 + 637 = 1.219$
Redución do 30 %..... - 365,70
Total 853,30 +IVE

7. Recursos

Contía. Apartado h do capítulo VII do título preliminar:

«Nos recursos tomarase como base a que tivese o asunto na primeira instancia, agás que se limite a impugnar uns aspectos concretos da resolución, caso no que a contía se reduciría ao importe parcial destes. No caso de que o recurso se basee en simple diferenza económica entre a pretensión solicitada e a recoñecida na sentenza ou resolución, tomarase como contía do recurso o importe de tales diferenzas.»

7.1. Recurso de apelación

Norma 71. Contra sentenzas: 60% dos honorarios da primeira instancia se se formaliza por escrito, e do 75% se hai vista.

Norma 72. Contra autos: 40% dos honorarios da primeira instancia, ou ben, o 60% cando se pon fin ao procedemento, facendo imposible a súa continuación.

CASO PRÁCTICO

1) Na primeira instancia pídese na demanda 100.000 € e na sentenza concédense 90.000 €. O recurso de apelación preséntase para reclamar os 10.000 € restantes e este é desestimado con custas.

As custas desta apelación calculáronse tomando como contía os 10.000 € (escala tipo ao 60% sobre 10.000 €) e non o 60% sobre os honorarios da primeira instancia.

2) Demanda no procedemento ordinario de reclamación de cantidade, contía de 100.000 €. Estímase a demanda pero non se impoñen as custas. Preséntase apelación para discutir a non imposición de custas na primeira instancia. A audiencia pronuncia unha sentenza na que confirma a sentenza de instancia e imponlle as custas ao apelante.

Custas da apelación. Non se poderá aplicar a norma 71 (60% da primeira instancia). De acordo co apartado h do capítulo VII do título preliminar, a contía da apelación corresponderase cos honorarios (custas) da primeira instancia.

Honorarios da primeira instancia: 100.000 (escala tipo ao 100%) = 9.305

Neste caso aplicaríase a escala tipo ao 60% sobre 9.305 = 804

7.2 Recursos de reposición, queixa e nulidade de actuacións

Norma 70. 10% dos honorarios da primeira instancia.

7.3 Recurso de casación

Aínda que os criterios de honorarios deste Colexio o regulan para os efectos de custas, hai que aplicar as normas de honorarios do Ilustre Colexio de Avogados de Madrid, xa que no caso de impugnación da minuta por excesiva, será o colexio de Madrid quen emita o ditame.

Nos criterios de honorarios da Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Avogados de Madrid régulase o recurso de casación no artigo 46:

«Aplicarase o 85% da escala tipo sobre o interese económico debatido no recurso, se o letrado minutante fose o mesmo que interveu nas instancias. No caso contrario, minutarase o 100% e tal incremento non poderá repercutirse nas custas. Criterio orientador: 2.400 €.

De celebrarse vista, os honorarios poderían incrementarse ata un 20%.

Se o recurso non fose admitido ou se declarase deserto, o letrado da parte recorrida só poderá percibir ata o 15% da cantidade que resulte, graduándose os honorarios en función de que formalizase ou non alegacións para opoñerse á admisión.»

8. Execución

Dentro das execucións, as cuestións máis discutidas á hora de minutar son as seguintes:

A contía

A contía que se tomará como base para o cálculo dos honorarios serán as cantidades polas que se despacha a execución, segundo o apartado f do capítulo VII do

título preliminar.

As cantidades polas que se despacha a execución teñen que vir determinadas no auto

principal+ xuros + gastos e custas

Nas execucións non pecuniarias (ao non se fixar estas cantidades no auto polo que se despacha a execución), ao tratarse dunha «obriga de facer» e sempre e cando non se opidan cuantificar, o criterio deste Colexio é considerar a contía como indeterminada (18.000 €).

A distinción entre execución de resolucións xudiciais e execución doutros títulos

Aplicación das normas 81 ou 82.

Coas normas de honorarios de 1991 e 2002 existían problemas na interpretación destas normas para determinar cando se trataba dunha execución de resolucións xudiciais ou dunha execución doutros títulos.

Nos criterios de 2009 clarifícase esta problemática ao relacionar estas dúas normas co artigo 517, parágrafo 2º, da LAC. Así, atoparémonos ante a execución de resolucións xudiciais (con aplicación da norma 81) cando se trate de demandas executivas que se fundamenten en calquera dos títulos sinalados nos números 1, 2, 3 e 9 do parágrafo 2º do artigo 517 da LAC, é dicir:

- sentenzas de condena firme;
- laudos ou decisións arbitrais firmes;
- resolucións xudiciais que aproben ou homologuen taxacións xudiciais;
- as demais resolucións xudiciais e documentos que por disposición desta ou doutra lei, leven aparellada execución.

Atoparémonos ante a execución doutros títulos (con aplicación da norma 82) cando se trate de demandas executivas fundamentadas en títulos distintos da norma anterior (os sinalados nos números 4, 5, 6, 7 e 8 do parágrafo 2º do artigo 517 da LAC).

- escrituras públicas;
- pólizas de contratos mercantís;
- títulos ao portador ou nominativos;
- autos de contía máxima.

8.1. Demanda de execución

Norma 81. Execución de resolucións xudiciais

- Sen oposición: 20% da escala tipo
- Con oposición: 50% da escala tipo

Norma 82. Execución doutros títulos

- Sen oposición: 75% da escala tipo
- Con oposición: 100% da escala tipo

Estas normas serán de aplicación tamén para o letrado da parte executada se se estima a súa oposición e se condena en custas á parte executante.

8.2. Execución pecuniaria

Minutarase con independencia da demanda de execución.

Hai tres supostos: normas 84, 85 e 86, dependendo de cando pague a parte executada:

- 10%: se a parte executada pagase no acto de requirimento ou antes do despacho da execución.
- 30%: se pagase despois da acta de execución pero

antes de acordarse a realización dos bens embargados.

- 50%: de chegarse a realizar os bens embargados (poxa).

8.3. Execución non pecuniaria

Minútase tamén a demanda de execución (normas 81 ou 82).

Con carácter xeral, a escala tipo aplicarase sobre a contía do litixio, salvo que por resolución xudicial sexa establecida outra distinta, que sería en tal caso a que servise de base (en último caso, indeterminada).

Os honorarios correspondentes a este capítulo percibiranse con independencia dos que procedan polas actuacións executivas ás que se refiren os capítulos I e II deste título VI.

Execución non pecuniaria. Existen catro supostos:

- Norma 90. En calquera dos supostos de execución non pecuniaria, se a parte executada cumpre antes do despacho de execución, despois de que o acreedor a promove, aplicarase a escala tipo ao 20%, cun criterio orientador de 180 €.
- Norma 91. Suposto especial no caso de condena a entregar. Nas condenas á entrega de cousas, se esta se efectúa despois do prazo establecido polo xulgado e antes de que este poña a parte executante en posesión da cousa, aplicarase a escala tipo ao 25%, cun criterio orientador de 250 €.
- Norma 92. Outros supostos especiais. Na execución de obrigas de facer ou non facer e de publicación do artigo 701 da LAC, se se cumpre despois do prazo establecido polo tribunal, ou se satisfai ou afianza a cantidade en que se valora o custo de tal obriga, aplicarase a escala tipo ao 25%, cun criterio orientador de 250 €.
- Norma 93. Procedemento completo. Se houbese que proseguir a execución ata a finalización do procedemento, aplicarase a escala tipo ao 50%.

CASO PRÁCTICO

Demanda de execución dunha sentenza firme (15.02.2010)

Auto polo que se despacha a execución (01.03.2010)

Principal: 60.000 € + 1.200 € de xuros + 1.000 € de gastos e custas

Sen oposición

O executado consigna o 15.03.2010

Minuta para custas:

Demanda de execución:

Norma 81.a)

Sen oposición: escala tipo ao 20% sobre 62.200 € = 1.253 €

Execución pecuniaria:

Norma 85

Pagamento despois do despacho da execución: escala tipo ao 30% sobre 62.200 € = 1.879,50 €

Total = 1.253 € + 1.879,50 € = 3.132,50 € + IVE

8.4. Execución sobre bens hipotecados

Normas 87 e 88. Contía pola que se despacha execución.

Demanda de execución. Norma 87, tres supostos:

- Sen oposición: 75% da escala tipo
- Con oposición: 100% da escala tipo
- No suposto en que o debedor faga uso da facultade que concede o artigo 693.3 da LAC (liberar o ben consignando cantidades debidas), aplicarase a escala tipo ao 30%.

Coas normas actuais, ao igual que a execución, a demanda hase minutar pola norma 87 (tres supostos) e a maiores, dependendo do momento en que o debedor pague, aplicarase un dos tres supostos da norma 90.

CASO PRÁCTICO

Demanda de execución hipotecaria

Contía: 100.000 € de principal + 30.000 € de xuros + 15.000 € de gastos e custas

Despáchase a execución por esas cantidades

Sen oposición

Chégase á poxa

Minuta para custas:

Norma 87: sen oposición 75% da escala tipo sobre 145.000 € = 9.678,75 €

Norma 88, apartado c: 50% da escala tipo sobre 145.000 € = 6.452,50 €

Total: 16.131,25 € + IVE

No suposto de que a parte debedora consignase as cantidades debidas para liberar o ben, aplicaríase só a norma 87, apartado 3:

Escala tipo ao 30% sobre 145.000 € = 3.871,50 €

9. División xudicial de patrimonio

Norma 108. División de herdanzas: escala tipo ao 100% sobre o interese real que o cliente teña na herdanza.

Exemplo: Herdanza valorada en 600.000 €

Se ao cliente se lle adxudican 20.000 €, os honorarios calcularanse sobre os 20.000 €.

Norma 109. Contador-partidor: 30% da escala tipo sobre o valor total da herdanza obxecto de partición.

Norma 110. Se a partición do contador-partidor fose impugnada e como consecuencia desta impugnación procedese formular un novo caderno, ¿como se minutaría este segundo caderno?

- Simples diferenzas de criterio. O contador-partidor podería minutar un 30% a maiores do minutado polo primeiro caderno.
- Se se aprecian erros graves, non terá dereito a minutar o segundo caderno.

Norma 111. Oposición ou impugnación das operacións particionais. A impugnación do caderno particional seguirá os trámites do xuízo verbal.

Remítenos ás normas de xuízo verbal cunha redución do 50% (na contía).

Colaboracións

- Contía? «Interese económico obxecto de oposición»
- Se se impugna a totalidade do caderno, a contía será a valoración total fixada nese caderno.
 - Se se impugna só a valoración dunha partida, a contía reducirase ao valor desa partida.
 - Se se impugna que unha partida está mal valorada, a contía será a diferenza.

CASO PRÁCTICO

Se un inmovible é valorado polo perito en 200.000 € e o impugnante o valora en 300.00 €, a contía dese verbal sería de 100.000 €, á que habería que reducirle un 50%.

Escala tipo ao 100% sobre 50.000 €

Norma 113. Liquidación de réxime económico matrimonial.

50% da escala tipo sobre o valor ou o interese real que lle corresponda ao cliente.

Pregunta frecuente: Só activo, ou hai que sumar activo e pasivo? Hai que sumar activo e mais pasivo (sobre todo actualmente, en que o pasivo adoita ser maior que o activo).

10. Proceso monitorio

Se hai oposición ao monitorio e se converte en verbal con custas:

Minutarase o verbal completo xa que o monitorio corresponderíase coa fase de alegacións do verbal.

Se hai oposición e se converte en ordinario:

Neste caso hai que presentar de novo demanda:

Norma 115. Formulación de demanda de monitorio

Norma 33. Procedemento ordinario completo

CASO PRÁCTICO

1) Procedemento monitorio: contía 2.900 €

O demandado oponse.

Verbal: sentenza condenatoria con custas

Norma 57. Escala tipo ao 100% sobre 2900 = 509€

Fase de alegacións (monitorio)..... 50% = 254,50€

Vista..... 50% = 254,50€

2) Procedemento monitorio: contía 12.000 €

O demandado oponse.

Procedemento ordinario que finaliza con sentenza condenatoria e custas.

Norma 115. Monitorio: formulación da demanda

Escala tipo ao 50% sobre 12000 = 832 €

Norma 33. Ordinario

Escala tipo ao 100% sobre 12000 = 1.665 €

Total: 2.497 € máis IVE

11. Impugnación de taxación de custas

11.1. Impugnación de honorarios por excesivos: norma 129

- Custas ao impugnante: escala tipo ao 30% Tomando como base a minuta impugnada.

Contía da minuta que se impugna (sen IVE)

Cantidade orientadora: 250 €

- Custas ao impugnado: escala tipo ao 10%

Tomando como base a cantidade en que se rebaixase a minuta por resolución xudicial.

Cantidade orientadora: 250 € (aínda que nas normas por erro de maquetación non figura)

Exemplo:

Custas ao impugnado

A minuta impugnada era de 15.000 € e tras a impugnación rebáixase a 10.000 €. A contía será a diferenza: 5.000 € (escala tipo ao 10% = 80,50 €, co que se aplicará a cantidade orientadora de 250 €).

11.2. Impugnación de honorarios por indebidos: norma 130

100% da escala tipo tomando como base o importe da partida ou partidas impugnantes. Cantidade orientadora: 250€.

11.3. Impugnacións, por ambas as consideracións

Se se impugnan por indebidos e por excesivos, minutarase por separado baseándose nas normas anteriores sen que proceda a acumulación de contías.

12. Outras cuestións que ter en conta

A limitación da terceira parte da contía, artigo 394.3: é un motivo de impugnación por indebidos e non por excesivos.

- A minuta do procurador só se pode impugnar por indebida, non por excesiva, xa que se trata de aranceis aprobados polo Ministerio de Economía e Facenda.
- Procede a taxación de custas cando a parte condenada en custas é beneficiaria de xustiza gratuita? Si procede a taxación de custas, non obstante, o beneficiario de xustiza gratuita non está obrigado ao pagamento desas custas, salvo que nos tres anos seguintes «veña a mellor fortuna» (artigo 36.2 da Lei 1/1996 de asistencia xurídica gratuita). Enténdese que vén a mellor fortuna cando os seus ingresos superan o dobre da cantidade esixida para a concesión do beneficio de xustiza gratuita ($14.910 \times 2 = 29.820$ €).
- Que acontece nos supostos de autodefensa? A maioría da xurisprudencia establece que nestes casos non se xeran custas, baseándose no argumento de que cando un letrado asume a súa propia defensa non existe o carácter de onerosidade do contrato de arrendamento de servizos.



Sobre a dación en pagamento e o novo código de boas prácticas bancarias



Fernando Martínez Escurís
Colexiado 2.149 do ICA de Santiago

O pasado 12 de abril o *Boletín Oficial do Estado* (BOE) publicaba a listaxe de bancos e outras entidades financeiras que finalmente decidiron adherirse ao Código de boas prácticas bancarias para a reestruturación viable das débedas con garantía hipotecaria sobre a vivenda habitual. A elaboración deste código de boas prácticas viña prevista no Real decreto-lei 6/2012, do 9 de marzo, para a protección de debedores hipotecarios sen recursos.

Na listaxe do BOE figuran todos os grandes: BBVA, Santander, Bankia, CaixaBank, Popular e Sabadell. Pero tamén figuran varias entidades medianas —Banesto, Bankinter ou Banco Pastor—, así como os novos bancos que xurdiron das caixas —Novagalicia Banco, Kutxabank, CatalunyaCaixa etc.— e varias cooperativas de crédito. A listaxe actualízase en xullo coa adhesión de novas entidades.

Exposto de modo simple, este texto considera a posibilidade de que un debedor poida saldar a súa hipoteca mediante a dación en pagamento do inmovible hipotecado. Pero antes de desembocar na dación en pagamento, que é o último recurso previsto no decreto, prevese unha serie de fases previas. Unha primeira fase de reestruturación da débeda hipotecaria, aplicando aos empréstitos unha carencia na amortización de capital e unha redución do tipo de xuro durante catro anos e a ampliación do prazo total de amortización; de non resultar suficiente a reestruturación anterior, entrariamos nunha segunda fase na que as entidades poderán, sempre con «carácter potestativo», ofrecerlles aos debedores un perdón sobre o global da súa débeda. Finalmente, se ningunha das dúas medidas anteriores logra facilitarlles aos debedores a súa saída do abismo, estes poderán solicitar, e as entidades adheridas haberán de aceptar, a dación en pagamento como recurso final para liberarse da débeda. Prevese así mesmo a moderación dos tipos de xuro moratorio aplicable aos contratos de empréstito hipotecario, así como outras pequenas axudas fiscais, de carácter procesual e de alugueiro para as persoas nesta situación.

Pero para aplicar estas medidas en beneficio dos debedores hipotecarios, estes deben de estar no denominado «limiar de exclusión», dentro do cal se atopan aqueles debedores que cumpran as seguintes condicións:

1º Que o crédito ou empréstito estea garantido con hipoteca sobre a súa vivenda habitual; 2º Que todos os membros da unidade familiar estean desempregados ou carezan de rendas derivadas

do traballo ou de actividades económicas; 3º Que a cota hipotecaria resulte superior ao 60% dos ingresos netos que perciba o conxunto dos membros da unidade familiar; 4º Que os membros da familia carezan de calquera outros bens ou dereitos patrimoniais suficientes cos que facer fronte á débeda; 5º Que se trate dun crédito ou empréstito garantido con hipoteca que recaia sobre a única vivenda en propiedade do debedor e concedido para a súa adquisición; 6º Que se trate dun crédito ou empréstito que careza doutras garantías, reais ou persoais, ou no caso de existir estas últimas, que en todos os garantes conorra tamén a carencia de recursos prevista para os membros da familia. Esta cláusula inserida en beneficio do máis forte merece unha atención especial: a maioría das hipotecas concedidas conta co aval dunha ou máis persoas —se se trata de mozos, serán os seus pais principalmente—. Estes avalistas adoitan ter unha vivenda ao seu nome e uns ingresos. Pois neste caso, que se vaian preparando se non carecen tamén de recursos na mesma medida que os titulares executados; 7º Que o embargo afecte á única vivenda en propiedade e cuxo prezo de adquisición non superase os 120.000 € en concellos de menos de 100.000 habitantes, —como é noso caso santiagués—, ou ben que non superase os 150.000 € en concellos de menos de 500.000 habitantes, —se pensamos en cidades como A Coruña ou Vigo—. Sobre este último requisito tamén cabe preguntarse: que vivenda familiar no Concello de Santiago custaba, antes da crise, menos de 120.000 euros?

Así mesmo, o decreto engade que «non poderán solicitar medidas de reestruturación de débedas hipotecarias aqueles debedores (...) unha vez que se produza o anuncio de poxa». Neste último caso, teríamos un problema de feitos consumados difícil de solucionar aínda que os anteriores requisitos se cumprisen.

Tendo en conta a actual conxuntura, son moitas as familias que encaixan dentro do limiar de exclusión, pero tamén as que inxustamente están quedando fóra por moi pouco.

Con máis de dous meses en vigor xa se poden extraer algunhas conclusións sobre a aplicación práctica das medidas recollidas no decreto, que variarán segundo a experiencia que cada un tivese ao respecto. A principal delas é a escasa forza vinculante deste, dado que se trata máis ben dun marco imposto polas entidades ao Goberno, que pola contra. A aplicación das medidas recollidas no Código de boas prácticas queda á libre vontade do máis forte, e dependendo da entidade ante a que se negocie, aplicaranse con maior ou menor flexibilidade os requisitos necesarios para considerar dentro do limiar

os debedores, —sorprendentemente, algunha xa admitiu a dación en pagamento de vivendas de valor moi por enriba do considerado no limiar como o máximo esixido, mentres que outras se mostran moi rigorosas ao respecto.

Pero deixando a un lado o tema da maior ou menor utilidade do decreto, a conclusión que máis interesa poñer de manifesto nestas páxinas é o papel dos avogados neste verdadeiro conflito social. Nos últimos meses asistimos ao fenómeno da «cacerolización» do problema. Se observamos o tratamento que a maior parte dos medios de comunicación lle están a dar a este tema, poderíamos enganosamente concluír que os desafuzamentos se evitan só grazas a grupos de presión armados de cazolas, e que as dacións en pagamento se logran tan só a base de mobilizacións.

A figura do avogado, salvo excepcións, apenas aparece, e non se recoñece na súa xusta medida o noso imprescindible labor de cara á solución destes asuntos. Acaso estes grupos ou plataformas non teñen asesores xurídicos? Quen estuda o novo decreto e o novo Código de prácticas bancarias para verificar que se cumpren todos e cada un dos requisitos para entrar no limiar?. Quen estuda o empréstimo hipotecario en profundidade para seguidamente levar a cabo toda unha negociación e mediación entre banco e debedores? Baixo a supervisión de quen se asina a nova reestruturación da débeda hipotecaria? Pois ben, se acudimos ás hemerotecas, apenas atopamos mención ao labor dos avogados —moi especialmente aos da xustiza gratuita—. Non aparecen por ningures: as reestruturacións das débedas hipotecarias e as dacións en pagamento parecen negociarse só con cazolas.

Isto quizais obedeza a que o traballo do avogado nestes asuntos se realiza na sombra. Dificilmente podemos mandar un reporteiro a fotografar como o letrado estuda a escritura de empréstimo hipotecario, como telefona aos do banco para, de ser o caso, paralizar a solicitude de poxa logo de esixencia de garantías, ou como verifica as condicións de novo empréstimo negociado que o banco lle ofrece ao debedor. Outra cousa é a foto coas pancartas á porta do inmovble.

Os grupos de presión xurdidos en toda España que loitaron para atenuar a severidade con que as entidades de crédito respondían aos non pagamentos dos empréstimos hipotecarios están liderados por avogados e contan co asesoramento destes profesionais. A loita para a consecución da dación en pagamento está abocada a unha dobre vertente: unha, de

mobilización de cara á opinión pública, e outra, xurídica e técnica. Ambas as dúas son indisolubles e conviven en perfecta simbiose. Pero de cara á opinión pública, acaba reflectíndose só a primeira delas.

O traballo de todos estes grupos de presión social, —valla de exemplo Stop Desahucios—, resulta encomiable. Achandounos o camiño aos letrados e facilitounos armas de cara á negociación cun decreto e un código de boas prácticas pouco xenerosos. Actualmente existe unha presión social sen a cal os sectores financeiro e político non cederían terreo. Sen a plena convivencia con estes grupos, os avogados non lograríamos os avances actuais.

O único que trato de poñer de manifesto é que, de cara á opinión pública, nunca aparece o avogado como mediador e solucionador de conflitos, realizando todo un labor social —como é o caso—. Parece coma se dende certo sector fose máis doado e rendible recorrer aos tópicos e estereotipos da profesión, cando a realidade é que a intermediación dos letrados e dos colexios de avogados neste conflito social está a resultar vital.

Grazas á presión social de todos os grupos pro dación, as entidades víronse forzadas a facer números para decatarse de que a aprobación da dación en pagamento non sería o problema da súa falta de recursos e de liquidez.

É sabido que, de aprobarse a dación con carácter xeneralizado, as perdas por depreciación de activos

inmobiliarios que sufrirían estas entidades serían mínimas para os seus resultados.

O problema viría non xa das perdas, senón de que estarían deixando de quedar con inmoables a prezo moi por debaixo do seu valor de mercado —non esquezamos que os bancos se están adxudicando os inmoables nas poxas ao 50% do seu valor, e aínda tendo en conta a depreciación actual da vivenda, o banco seguiría tendo un beneficio considerable tras cada procedemento de execución—. A actitude dos bancos de renunciar aos beneficios xerados por estes conceptos, para os supostos taxados que figuran no limiar, non é senón unha actitude razoable. Pero atendendo ao que se nos vén enriba, urxe seguir traballando para ampliar aínda máis o marco de protección do decreto para que máis familias poidan resgardarse baixo este.

E os avogados —tal e como este letrado puido xa constatar— temos un papel determinante neste último obxectivo, logrando a través da negociación que encaixen baixo ese limiar debedores que, dende a óptica do banco e cinguíndonos ao decreto, quedan fóra por moi pouca marxe.



Festividade de San Raimundo de Peñafort



O Colexio de Avogados de Santiago celebrou un ano máis a festividade de San Raimundo de Peñafort, cun acto no que foron galardoados Francisco Caamaño, ex ministro de Xustiza; Proxecto Home Galicia, e o ex alcalde de Santiago e xurista, Antonio Castro (a título póstumo).

No acto, celebrado no mes de xaneiro no Pazo de Fonseca, o decano dos avogados composteláns, Evaristo Nogueira, lembrou “o 35 aniversario do vil asasinato de Luís Benavides, Serafín Holgado, Ángel Rodríguez, Javier Sauquillo e Enrique Valdevira, os avogados de Atocha. Loitaron pola liberdade, pola democracia e polo estado de dereito. Unha lembranza para eles, así como para o imborrable decano don Antonio Pedrol Rius, que desafiando a aqueles que non crían na liberdade, encabezou a comitiva o día do enterro”.

Como é tradicional, unha misa na Catedral de Santiago en memoria dos colexiados falecidos serviu para dar comezo ao programa festivo. Xa en Fonseca, Francisco Caamaño recolleu unha das medallas de ouro (no apartado de non colexiados). “Concorren nel razóns abundas para este recoñecemento. Dende a súa toma de posesión sempre tivo unha especial relación de cordialidade coa avogacía, atento sempre ás súas reivindicacións, as cales sempre entendeu, seguramente porque coñece a profesión moi ben xa que a exerceu, e por ser fillo dun bo avogado e boa persoa”, manifestou o secretario do Colexio de Avogados, Carlos García Cumplido.

“Tratar con persoas”

No seu discurso, o ex ministro de Xustiza rememorou os seus comezos como avogado e resaltou o papel da profesión. “Ser avogado é tratar con persoas e falcitarlles axuda, un labor moi importante na sociedade actual”, apuntou Caamaño, que agradeceu a colaboración da avogacía na súa etapa no Goberno.

A outra medalla de ouro (apartado de colexiados) foi para Antonio Castro, ex xurista e ex alcalde de Santiago. Recolleu o galardón a súa viúva, Filomena Carballal, e a súa filla, Pepa Castro, agradeceu o recoñecemento. “Antonio Castro amaba a xustiza e sempre tentou ser un home xusto, algo que conseguiu. Realizou sempre o seu traballo con independencia, dignidade, valentía e liberdade; o meu pai foi un home de familia, un home bo”, afirmou.

Tamén Evaristo Nogueira lembrou “a súa defensa dos valores inherentes á profesión. Apaixonado de Santiago de Compostela, reclamou sempre coma ninguén o que en xustiza era necesario para a nosa cidade. Aínda recordo velo ata os últimos días da súa vida, cos seus amigos, tomando o aperitivo e gozando da vida, esa que sen dúbida lle deu moito”.

Por último, Proxecto Home recibiu o III Premio Dereitos Humanos do Colexio de Avogados de Santiago. “En moitos casos atopámonos con que o autor dun delito o fai pola súa adicción á droga. A reinserción social e a rehabilitación deben ser unha premisa importante nestes casos e débense recoñecer aquelas asociacións que levan traballando niso con entusiasmo durante moitos anos. É o caso de Proxecto Home Galicia”, afirmou o decano dos letrados composteláns, que lles demandou ás administracións públicas que non limiten as axudas a este tipo de asociacións.

O director de Proxecto Home, Ramón Gómez Crespo, fixo fincapé nesa reinserción das persoas con algún tipo de adicción, “persoas que deben reintegrarse na sociedade, xa que están capacitadas para desenvolver un traballo e a súa exclusión é mala para todos, non só para eles”.

Tras a entrega de condecoracións, procedeuse á xura de quince novos letrados e letradas: María Teresa Álvarez Portela; María Estefanía Blanco Pena; Adriana Caneda González; Luísa Carlota Díaz Tomé; Antonio Fernández Cortés; Andrea Alejandra Fernández Gómez, Lucía Ferreiro Abuín; María Luísa García Rodríguez; Rocío Ogando Balboa; Antonio Oróis Valiño; María Rodríguez Cruz; Carme Rodríguez Rey; Laura Inés Suárez Martínez; Olaya Taboada Rouco, e Abel Varela García.

Profesión gratificante

“A vós, novos avogados, só me queda desexarvos a maior das sortes no voso decorrer profesional á vez de darvos os parabéns por elixir esta profesión tan fermosa como é a da avogacía. Dura tamén, moi dura, pero moi gratificante dende un punto de vista humano. Pídvos que cumprades cos parámetros que deben rexer no bo facer dun avogado; lealdade ao seu cliente, ao segredo profesional, aos compañeiros e aos demais intervinientes no organigrama da Xustiza, e todo isto con absoluto respecto ao Código deontolóxico que nos vincula”, engadiu Nogueira.

Membros dos tres partidos políticos con representación no Concello e no Parlamento asistiron ao acto, xunto a outras autoridades como o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Miguel Ángel Cadenas; o fiscal superior de Galicia, Carlos Varela, e o director xeral de Xustiza, Juan José Martín. Despois da gala, ofreceuse un viño de honra no claustro de Fonseca e os avogados composteláns celebraron a súa tradicional cea anual no Hostal dos Reis Católicos.





Imaxe dos letrados e letradas que xuraron durante o acto de San Raimundo de Peñafort



Pepa Castro, na lembranza ao seu pai, Antonio Castro



Eloy Artime recibiu un agasallo ao deixar o decanato de Pontevedra



Asistentes á festividade de San Raimundo de Peñafort, celebrada no Pazo de Fonseca o pasado mes de xaneiro

Vida colexial - San Raimundo



Francisco Caamaño, durante a súa intervención no acto



Ramón Gómez Crespo recibe o III Premio Dereitos Humanos



Filomena Carballal, viúva do homenaxeado Antonio Castro



Algúns dos asistentes conversan no Pazo de Fonseca



Mesa presidencial da festividade de San Raimundo



O presidente do TSXG saúda a unha das novas avogadas

DESDE AHORA/ INFINITI FX.
Son muy pocos los elegidos.



INFINITI

Inspired Performance

Versións gasolina y turbodiesel.
Desde 238 CV, hasta 390 CV. de potencia.

Solicita tu prueba en www.infiniti.es
Desde ahora, Infiniti.

Consumo mixto: desde 9,0 hasta 13,1 l/100 km.
Emisiones de CO₂: desde 238 hasta 307 g/km.



Máxima seguridad demostrada.
5 estrellas Euro NCAP.



Anthony Vázquez, profesor de inglés no Colexio de Avogados

«Nunca é tarde para comezar co inglés, o máis importante é manter unha constancia»

Anthony Vázquez leva xa catro anos encargándose das clases de inglés destinadas aos colexiados. Está satisfeito polo ambiente e os resultados das sesións, que pretenden dotar os avogados e avogadas de Santiago de Compostela dos coñecementos necesarios para manter unha conversa.



Pregunta: Que balance fai das clases de inglés no Colexio de Avogados de Santiago?

Resposta: Levamos xa catro anos e o ambiente é estupendo. Cunha metodoloxía non intensiva, o obxectivo é acadar que os alumnos melloren sobre todo no inglés falado.

P: É un inglés xurídico?

R: Non, é unha aprendizaxe do inglés que lles vale para a vida en xeral, aínda que tamén damos algunhas sesións máis específicas de inglés técnico ou xurídico. Poden necesitar o idioma para falar con algún cliente ou con avogados estranxeiros, pero o obxectivo é que se desenvolvan nunha conversa.

P: A resposta dos avogados é boa?

R: Si, moi boa. Moitos comezaban de cero, pero pouco a pouco acadan un nivel suficiente para manter unha conversa. O importante é que asistan de forma regular, xa que só é unha clase á semana para que non sexa demasiada carga lectiva despois da súa xornada de traballo. Son sesións amenas, nas que participa todo o mundo, a xente ten que pasalo ben mentres aprende.

P: O peso da gramática é daquela menor.

R: Traballamos situacións, posibles conversas que se poden manter, pero non entramos tanto en gramática. Aínda que non utilicen o inglés no traballo, sempre o poden necesitar para algún caso. De feito, as materias e os contidos decidímolos por trimestre, para que os alumnos reciban as clases que máis lles poidan interesar.

P: É máis complicado para as persoas dunha maior idade?

R: Non, nunca é tarde para comezar co inglés ou con calquera outro idioma. Ao principio é máis complicado, xa que ademais hai palabras que non se pronuncian como se escriben, pero o avance nótase axiña. É unha cuestión de constancia, de manter a regularidade na asistencia ás clases e de practicar algo cos amigos, coa familia ou nunhas vacacións.

P: Todo é a través de conversas?

R: Ás veces tamén utilizamos vídeos de series de televisión que axudan a coller o acento e a aprender vocabulario. E agora levamos pouco tempo cunha pequena rede social para nós, para que os alumnos poidan ver vídeos, cancións... O programa educativo completámolo o ano pasado cunha fin de semana en Londres cun grupo de avogados e avogadas.

P: De donde é?

R: Nacín en New Jersey, pero a miña familia é de orixe galega. Despois estudei en Georgetown.

P: Canto tempo leva en Santiago?

R: Quince anos.

P: O inglés sempre foi unha materia pendente en España.

R: Creo que os nenos e nenas teñen que falar máis inglés, non tanto estudar teoría. Non creo nos «plans milagre», hai que ir pouco a pouco, ver películas, falar, ler... Nos colexios deben ensinar un idioma dende un punto de vista práctico, é máis importante aprender a manter unha conversa que estudar regras e regras que ao final se esquecen.

CIRCULARES INFORMATIVAS 2012

Circular 01/2012

- Festividade de San Raimundo de Peñafort 2012
- Acordos medallas 2012

Circular 02/2012

- Xornadas sobre a Lei 36/2011, reguladora da xurisdición laboral
- Nota informativa da Tesouraría Xeral da SS sobre a Lei concursal

Circular 03/2012

- Xornadas sobre a Lei 36/2011, reguladora da xurisdición laboral

Circular 04/2012

- Curso práctico sobre honorarios profesionais en taxación de custas
- Modificación das normas de repartición dos xulgados do social

Circular 05/2012

- Curso de oratoria (2ª edición)
- Curso práctico sobre honorarios profesionais en taxación de custas

Circular 06/2012

- Quendas de apoderamento apud acta
- Convenio de colaboración con Ruafer, SA

Circular 07/2012

- Acordos da Xunta de Goberno sobre honorarios
- Curso de honorarios profesionais: relatorio e casos prácticos

Circular 08/2012

- Convocatoria dunha asemblea informativa sobre o anteproxecto da lei de taxas xudiciais

22/05/2012

- Convenios de colaboración
- Convocatoria da reunión territorial da Mutualidade: 14/05/2012

Circular 09/2012

- Cursos de contabilidade e xestión laboral (IECE)
- Xornada: Os avogados e a prevención do branqueo de capitais

Circular 10/2012

- Renovación da póliza do seguro de responsabilidade civil (01/07/2012)

Circular 11/2012

- Convenio de colaboración co centro sanitario La Rosaleda

NOVIDADES LEXISLATIVAS

Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

Real decreto 1888/2011, do 30 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2012

Resolución do 24 de xaneiro de 2012, da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, pola que se publican as contías das indemnizacións por morte, lesións permanentes e incapacidade temporal que resultarán de aplicar durante 2012 o sistema para valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación.

Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

Real decreto lei 6/2012, do 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos.

ESCOLA DE FINANZAS IMPARTIRÁ UN MÁSTER EN RECURSOS HUMANOS

A principal escola de negocios de Galicia, ante as demandas do mercado, crea unha área de recursos humanos, cun máster no que un terzo do programa está vinculado a aspectos xurídicos. O presidente de Escola de Finanzas, Venancio Salcines, considera que é unha grande oportunidade para os profesionais do Dereito.

Pregunta: Por que unha escola, especializada en finanzas, decide impartir un Máster en Recursos Humanos?

Resposta: Levamos moitos anos traballando cos departamentos de recursos humanos das principais entidades financeiras españolas. Hai un ano, desde a principal entidade española, preguntáronnos se tamén podíamos ofertarlles expertos nesta área. Dixémoslles que non, e preguntámonos se era unha demanda concreta ou, polo contrario, era unha necesidade habitual neles. A resposta sorprendeunos, dixéronnos que había no mercado moitos expertos en recursos humanos pero moi poucos que ademais tivesen un nivel alto de inglés.

P: Entón o inglés será fundamental para os que decidan introducirse neste mundo?

R: Así es, por iso temos unha Escola de Linguas, que está traballando a un ritmo envidiable. Especializámonos en inglés de negocios e en programas intensivos.

P: Programas intensivos?

R: Así é, é a única maneira de que os nosos estudantes de posgrao teñan un nivel tipo Advanced ao rematar o curso. Os meus docentes asegúranme que un estudante, con nivel medio de inglés en COU ou segundo de bacharelato, se realiza o noso programa intensivo de doce semanas acada o nivel avanzado. E xustamente ese nivel é o que che abre as portas das multinacionais e é o que nós buscamos para todos os graduados da escola. Obviamente, se ten un nivel máis alto pero insuficiente, o que fai é un intensivo de catro semanas. Todos os intensivos teñen unha duración de catro horas diarias, todos os días da semana; si é o dun mes, dura catro semanas.

P: Pero os programas intensivos teñen fama de ser moi caros.

R: E adoitan selo, pero non no noso caso. O obxectivo da Escola de Linguas de EF non é gañar cartos, senón permitir que os nosos graduados teñan o nivel que esixe o mercado, por iso o prezo é politicamente baixo. Un intensivo dun mes custa 190€. Noutra escola de nivel similar nunca baixarían dos 600€-800€.

P: Indícanos que unha das principais entidades

financeiras lle demanda posgraduados en recursos humanos. Pero, contrastou esta necesidade?

R: Non podía ser doutro modo, falamos con outros departamentos e confirmárono. Ten a súa lóxica: ata hai poucos anos os profesionais dos recursos humanos estaban vinculados a empresas netamente españolas, para os cales o seu mercado era España e o seu cadro de persoal localizábase totalmente en territorio nacional. Hoxe as cousas mudaron radicalmente, as sociedades máis ambiciosas e con mellor saúde financeira son as que están exportando e se moven en múltiples mercados. Estas empresas, totalmente globalizadas, necesitan de profesionais con soltura en inglés, e non existen, cando menos na contía que determina o mercado. E iso hoxe, que estamos en recesión; cando o país volva despegar, converterase nun dos principais nichos de emprego. Vemos que o mercado demanda este perfil e nós caracterizámonos por escoitar correctamente o mercado laboral.

P: Ata que punto un licenciado en Dereito pode sentirse cómodo nese máster?

R: Creemos que é unha das áreas de coñecemento máis comprometidas con esta disciplina. De feito, un terzo do máster está vinculado a aspectos xurídicos. Refírome á parte de Administración Laboral. Por certo, temos tres posgraos na área de recursos humanos. Por exemplo, existe a opción de poder especializarse exclusivamente en Administración Laboral.

P: E o prezo?

R: É o primeiro ano que o facemos e queremos facernos un oco, dando moita calidade a un precio baixo. Os nosos posgraos de especialización custan 1.800€ e o máster pódese cursar desde 4.900€.

P: Ofrecen máis posgraos de interese para profesionais vinculados ao dereito?

P: Si, ánimoo a que consulte www.escueladefinanzas.edu.es. Non obstante, indícolle que temos o Máster en Banca e Mercados Financeiros, un dos máis demandados de España e cun prestixio indiscutible, e un posgrao en produtos financeiros derivados que é moi valorado polas asesorías xurídicas dos bancos.



Mediación, igualdade e lingua



Olga Faílde Picallo
Avogada e mediadora
Colexiada 1.213 do ICA de Santiago

Un principio importante na mediación é a igualdade. A persoa mediadora debe garantir que exista unha igualdade e un equilibrio entre as partes, de tal xeito que poidan expresar os seus puntos de vista e os seus intereses no conflito dun modo efectivo e compensado.

Cabería pensar que a igualdade, e o mellor modo de facela real, é tratar a todos igual. Semella unha afirmación incontestable. Mais se reflexionamos un pouco, esta é unha visión simplista e errónea. Podería funcionar naqueles contextos en que as partes teñen o mesmo nivel cultural, as mesmas capacidades, os mesmos coñecementos, os mesmos puntos de vista, as mesmas crenzas, as mesmas habilidades sociais e comunicativas, a mesma capacidade de escoita, a mesma lingua, as mesmas emocións... É doado imaxinar que esta situación é bastante irreal. Decotío atopamos que esta absoluta igualdade nas persoas non existe. Isto non quere dicir que, ao seren desiguais, unha sexa máis e a outra menos. Son, simplemente, distintas. Debemos, daquela, tratar igual as persoas que, de seu, son distintas? Debemos abordar nun plano de igualdade as situacións que se revelan como distintas e desequilibradas?

A doutrina máis recente e consolidada propugna que a verdadeira igualdade é tratar de xeito distinto as persoas e as situacións que son distintas. A xestión que a persoa mediadora faga das desigualdades é unha garantía de que non serán utilizadas como armas de poder. Detrás de todas as desigualdades sempre se atopa unha loita polo poder, da índole que sexa. Todos debemos de ser conscientes de que a nosa actitude e xestión das desigualdades pode contribuír a acabar con elas ou a perpetualas. A clave é ser quen de detectar as desigualdades, porque non sempre aparecen de xeito explícito e inequívoco. Ás veces, mesmo aparecen proscribas pola lexislación e por iso supoñemos

que non existen. A realidade do día a día descóbrenos que unha cousa é o que debe ser e outra, o que é.

Hai uns meses, cando deixamos unha mensaxe no móbil dun mediado mediante o servizo de «dicta SMS» (deixamos unha mensaxe de voz e o sistema convérteo en texto) aconteceunos unha anécdota que nos fixo reflexionar sobre a desigualdade no ámbito lingüístico. Unha vez tras outra, a resposta do sistema era: «el mensaje debe de ser claro, inténtelo de nuevo». A mensaxe era clara, curta e concisa: «confirmámoslle a cita do vindeiro venres ás 8.30 h». Tras varios intentos coa nosa mellor dicción, comprendemos que o problema non era que a mensaxe non fose clara, senón que estaba en galego. O sistema non estaba programado para recoñecer esta lingua cooficial e, polo tanto, non a podiamos empregar para comunicarnos.

Outro erro bastante común é crer que as desigualdades desaparecen polo mero feito de que unha norma estableza unha igualdade formal. Ben ao contrario, cando unha situación necesita dunha norma que estableza a igualdade, é que parte, de seguro, dunha concepción ou tratamento desigualitario e asimétrico. Unha cousa é que as leis consagren a igualdade xurídica (o contrario sería politicamente incorrecto) e outra ben distinta, que por esa mera declaración positiva desaparezan as desigualdades. Algo así pasa co idioma. Na nosa comunidade autónoma o galego e o castelán son linguas cooficiais, sitúanse nun plano de igualdade xurídica ou formal, pero a realidade é ben distinta.

Moitos poderían pensar que o problema non era tal, que os mediadores e mediadoras nos fixamos demasiado en «parvadas» e que con deixar a mensaxe en castelán se arranxaba o problema. Certamente, podería ser unha solución, pero non nos pareceu a mellor. Solucións tan automáticas e instintivas coma esa son as que amosan que o galego segue a ser unha lingua minorizada (que non minoritaria) en Galicia e que a nosa actitude conformista contribúe a perpetuar a súa

asimetría respecto do castelán. E tamén, por que non dicilo, a imposibilidade de deixar a mensaxe en galego produciu o efecto contrario, iso que en psicoloxía se chama «reactancia». A reactancia é unha reacción emocional en contradición directa coas regras que ameazan ou suprimen, de xeito real ou percibido, certas liberdades na conduta. É o que fai que a xente nova se amose especialmente combativa coas horas de chegada, coas imposicións, que nos apeteza máis fumar cando está prohibido etc.

O destinatario da mensaxe era galegofalante e sempre empregamos o galego con el na mediación. Por que lle íamos deixar unha mensaxe nunha lingua distinta? Alguén atoparía normal ter que enviar e recibir as mensaxes do móbil en francés, aínda que coñeza perfectamente esa lingua, porque o servidor que opera no meu país sexa France Telecom? Neste caso concreto, ademais, sabíamos que a cuestión lingüística non era algo banal para o usuario porque xa tiveramos un pequeno conflito na mediación cando a súa ex parella, malia ser tamén galegofalante, o nomeaba castelanizando o seu nome. A diferenza era tan só unha vogal, pero dabondo para que se sentise profundamente ofendido. Percibía e interpretaba a conduta da outra parte como unha burla e unha humillación cara a el e o medio empregado era o idioma.

A nosa arma de traballo máis poderosa é a palabra. O idioma xoga un papel moi importante no acto comunicativo. Decatámonos cando

unha persoa intenta expresarse nunha lingua que non é a súa habitual pola merma da capacidade expresiva que sofre. As súas frases son máis ríxidas, máis formais e breves e non transmiten todos os matices que quere expresar. É sorprendente como muda a transmisión de ideas, e sobre todo de sensacións e sentimentos, cando potenciamos que poida falar na súa lingua. O seu discurso vólvese máis áxil, máis espontáneo, máis elaborado, e a súa capacidade comunicativa mellora notablemente.

Ás veces, as persoas mediadas sorpréndense de que nós tamén lles falemos en galego, pero notamos que lles gusta, que logramos establecer unha maior empatía con eles, que conectamos máis rápido. Quizais imaxinaron que para as « cousas serias » tiñan que falar en castelán e non esperaban que nós tamén falásemos a súa lingua. Ás veces mesmo temos que facer un labor didáctico e devolverlles a confianza e o orgullo de ser galegofalantes. Unha vez, un mediado que estaba a piques de asinar o seu acordo de divorcio, cando lle presentamos o texto en galego sorprendeuse e mirounos atónito mentres dicía: « Pero el gallego es de la aldea! Así va a servir? » Se queremos que a mediación contribúa a humanizar a xustiza, a crear unha xustiza máis próxima e onde os protagonistas sexan as partes, non podemos obviar que a lingua na que se desenvolva debe de ser a próxima e a habitual dos usuarios. Apostemos, logo, polo galego tamén na mediación.

Adebedamos
ou
debemos
cantidades?

Soma nota!



A formación castelá *adeudar* (prep. *a* + subst. *deuda*) non é admisible en galego. Do mesmo xeito, a creación hipergalega **adebedar* é considerada un calco da antedita forma castelá.

A forma tradicional e de uso normativo en galego é *deber*. Outras formas léxicas relacionadas son *débeda* ou *endebedar(se)*.

*No momento de cancelar a conta adebedaba 200 €. (incorrecto)

No momento de cancelar a conta debía 200 €. (correcto)

As frases castelás *adeudar en cuenta* e *adeudo en cuenta* véñense traducindo por cargar na conta e cargo na conta respectivamente, en oposición a aboar na conta e aboamento na conta.

Novidades Biblioteca

MOYA JIMENEZ, Antonio. La responsabilidad de los administradores de empresas insolventes. Barcelona: Bosch, 2011.

ESTRUCH ESTRUCH, Jesús. El comprador de vivienda ante el concurso del promotor. Navarra: Civitas, 2011.

La LEY 15/2007, de defensa de la competencia: balance de su aplicación. II Jornada de estudio de la Asociación española de defensa de la competencia. Madrid: La Ley, 2011.

ESTUDIOS sobre las reformas del Código Penal: operadas por las LO 5/2010, de 22 de junio, y 3/2011, de 28 de enero. Navarra: Civitas, 2011.

MOYA BALLESTER , Jorge. El procedimiento de disolución y liquidación en la ley de sociedades de capital. Madrid: La Ley, 2010.

CÓDIGO penal y leyes penales especiales y complementarias: concordado y comentado con jurisprudencia . Toledo: La Ley, 2011.

PROCESO penal. Navarra: Civitas, 2011.

El REGLAMENTO de gestión e inspección de los tributos comentado: RD 1065/2007, de 27 de julio, que regula el desarrollo de los procedimientos de gestión e inspección de los tributos. Madrid: La Ley, 2011.

GARCÍA GIL, Francisco Javier. Las pólizas de seguro: legislación comentada, jurisprudencia, formularios. Madrid: La Ley, 2011.

VALPUESTA GASTAMINZA, Eduardo. Guía legislativa de la Ley concursal: texto comparado y comentado según la reforma de la Ley 38/2011. Barcelona: Bosch, 2011.

FORMULARIOS de derecho concursal: adaptado a la reforma 2011. Barcelona: Bosch, 2012.

RODRÍGUEZ CONDE, Carlos. Los acuerdos de refinanciación en la reforma concursal 2011: medidas para el aseguramiento de la continuidad de la actividad empresarial. Navarra: Bosch, 2012.

SERNA BOSCH , Joaquín de la. La subasta judicial en la ley de enjuiciamiento civil. Barcelona: Bosch, 2012.

CABANAS TREJO, Ricardo Régimen de gananciales y concurso de la persona física: La división de las masas en la Ley Concursal 38/2011. Madrid: Bosch, 2012.

MARTÍN JIMÉNEZ, Carlos Manuel. Teoría y práctica del proceso monitorio: comentarios y formularios. Valladolid: Lex Nova, 2011.

TRATADO judicial de la insolvencia. Navarra: Aranzadi, 2012.

ACORDO DE COLABORACIÓN COA EDITORIAL LA LEY-GRUPO WOLTERS KLUWER

A editorial La Ley-Grupo Wolters Kluwer, consonte o acordo de colaboración subscrito co Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, cedeu gratuitamente para a biblioteca as seguintes obras

*Jurisprudencia social,
análisis crítico*

Director: Jesús Lahera Forteza
Edita: LA LEY
Ano: 2011
Páxinas: 412



El tribunal de cuentas

Autor: Rafael de Mendizábal Allende
Ano: 2011
Edita: LA LEY
Páxinas: 496



*Comentarios a la ley de economía
sostenible*

Director: Santiago A. Bello Paredes
Edita: LA LEY
Ano: 2011
Páxinas: 644



*La reforma de la ley
de arbitraje 2011*

Edita: La Ley
Ano: 2011
Páxinas: 314



*Distribución comercial
y derecho de la competencia*

Autor: A. Jorge Viera González y Joseba Aitor Echebarría Sáenz
Edita: LA LEY
Ano: 2011
Páxinas: 744



*Estudios sobre prueba penal.
Volumen II*

Directores: Xavier Abel Lluch y Manuel Richard González
Edita: LA LEY
Ano: 2011
Páxinas: 512



Grupo de entidades aseguradoras

Director: Lorena Cecilia Ramírez Otero
Edita: LA LEY
Ano: 2011
Páxinas: 524



*La declaración de fallecimiento
en el derecho español*

Autor: David Rafael Guinea Fernández
Edita: LA LEY
Ano: 2011
Páxinas: 472



*El proceso monitorio, estudio
doctrinal, jurisprudencial
y futura realidad de la e-justicia*

Autor: José María Quílez Moreno
Edita: LA LEY
Ano: 2011
Páxinas: 624



*Le encrucijada de una justicia
penal tecnológicamente avanzada*

Autor: M^a Pía Calderón Cuadrado
Edita: LA LEY
Ano: 2011
Páxinas: 476





Ana Pontón

OPINAN DE NÓS

ANA PONTÓN, VOCEIRA DO GRUPO PARLAMENTARIO DO BNG

Considera os letrados/as composteláns ben formados profesionalmente?

Neste aspecto gozan da «presunción de certeza», isto é, de que acreditan preparación profesional. Non só loxicamente polo aval académico ou curricular que todos e todas atesouran, senón por unha práctica diaria solvente.

Cre que cando acode a un profesional da avogacía recibe un servizo de calidade? Desde unha óptica técnico-xurídica é aceptábel, porén, dende o punto de vista comunicativo, a explicación a nivel profano que faga comprensíbel para a maioría dos cidadáns a tramitación dos asuntos a nivel xudicial ou administrativo, debería ser obxecto de maior formación e atención por parte do conxunto dos letrados e letradas.

Que consellos lles daría aos letrados/as para mellorar a súa percepción pola cidadanía?

Xa se adiantou, un maior esforzo no traballo comunicativo, de xeito que calquera persoa que accede aos seus servizos teña claro desde o comezo que trámites se van a levar a termo, os atrancos no camiño que se poderán atopar ou unha transpa-

rente relación de criterios que guiarán o cobro de honorarios.

Pensa que o labor da avogacía é útil para a sociedade? Por que?

Evidentemente, ao tratarse de mediadores sociais desempeñan un labor importante cara á resolución de conflitos, que son consubstanciais á vida humana en sociedade. As relacións humanas precisan para avanzar solventar contradicións, e para iso non abonda coa vontade ou razón das partes implicadas, senón de mediadores que guíen a súa resolución, papel que exerce a avogacía en moitos casos.

Cre que o labor de defensa e asesoramento dos avogados/as é recoñecido e mesmo comprendido suficientemente pola sociedade?

A opinión social sobre a avogacía, segundo unha persoal percepción intuitiva, non científica, coido que non é de todo positiva, o cal tamén supoño que sospeitan moitos avogados e avogadas polos comentarios que escoitan ao seu redor. Mais, alén da influencia que teñan determinados estereotipos difundidos polo cine ou a literatura, coido que sobre todo esa avaliación ten relación directa coa opinión bastante devaluada que ten a maioría das persoas sobre o funcionamento da Administración de xustiza, coa que os avogados e avogadas teñen unha estreita relación e mesmo o seu desempeño profesional está fortemente supeditado á introdución de melloras substanciais no dito servizo público.

Fóra de Lei



Raúl García de Loza, ex árbitro de fútbol

1. UNHA DE LIBROS

- Cal foi o último libro que leu?

O campo de Bucéfalo, de Otero Lastres.

- Que libro lle regalaría ao seu mellor amigo?

El Quijote.

- E a ao seu peor inimigo?

Ningún.

- Se só puidese salvar un libro da fogueira, cal salvaría?

A Biblia.

2. CINE

- En que película non puido evitar quedar durmido?

Non lembro.

- Cal é a película que non se cansa de ver?

O Padriño.

3. HISTORIA

- Con que personaxe da Historia cearía?

Severo Ochoa

4. ARTE

- Que obra de arte, monumento ou lugar emblemático o deixou coa boca aberta?

O Guernica, de Picasso.

5. MÚSICA

- Cal é a música que consegue tranquilizalo?

A de Julio Iglesias.

6. VIAXES

- Cal é a viaxe que máis lle gustou?

Dubai.

- E a que aínda non puido facer, pero que seguro que non se perderá?

A Patagonia.

- A que lugar dos que visitou non se lle ocorrerá volver?

En todos atopei algo positivo.

O detective privado contemporáneo

Pablo Filgueiras, Lic. 1647, Detectives Privados El Ojo de Horus

Podemos dicir que hoxe en día o estereotipo de detective privado que a novela negra e o cine achegaron ao imaxinario popular foi mudando, e xa son poucos os que conciben esta figura como un ser fusco, sucio e que utiliza calquera subterfuxio para acadar o resultado que o seu cliente lle solicite.

Malia acadarse un cambio na imaxe desta profesión, aínda son moitas as persoas que unicamente ven o detective como un mero «buscador de infidelidades», cunha liña de investigación básica: a familiar.

Se nos atemos á porcentaxe de investigacións que os despachos de detectives privados realizamos, **dentro dos servizos podemos indicar que nos fomos profesionalizando e especializando en diferentes sectores** que nos nosos días son os máis demandados, como os informes laborais, fraudes de seguros, solvencia económica, competencia desleal, tramas empresariais complexas, etcétera.

Tamén nesta profesionalización do colectivo nos acompañou unha regulación legal do colectivo e das súas diferentes funcións, que consolidaron o traballo do detective privado como parte importante do procedemento xudicial:

- **Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguridade privada.** Na que se regulan as funcións e os servizos do detective privado, que queda localizado no sector da seguridade privada.

- **Real decreto 2364/1994 e Orde do Ministerio de Xustiza e Interior do 7 de xullo de 1995.** Nos que se desenvolven máis extensamente as funcións do detective, así como a súa formación e acreditación, polo Ministerio de Interior.

- **Lei de axuízamento civil (artigo 265.1, parágrafo 5).** Na que se dá valor aos informes dos detectives privados como proba testemuñal.

- **Resolucións E-00128/2004 e E-00778/2005 da Axencia Española de Protección de Datos.** Nas que se exige os detectives privados do deber de informar a parte investigada da existencia da investigación.

- **Sentenza do Tribunal Supremo do 19 de febreiro de 2008 (recurso 170/1995).** Na que se indica que os detectives privados son **os únicos profesionais legalmente autorizados para realizar investigacións e comprobacións económico-mercantís.**

Coñecidos estes datos legais, podemos ver como os detectives privados nos consolidamos legalmente no noso país, e ninguén dubida da carga da proba; pero si falta aínda o coñecemento das súas posibilidades fóra dos ámbitos laboral e civil, como é nos ámbitos mercantil ou penal.

Nestes dous ámbitos tan descoñecidos, os detectives privados especializámonos desde a nosa formación universitaria, nos coñecidos como **informes de solvencia económica, informes de alzamentos de bens, fraudes mercantís ou económicos, informes sobre competencia desleal, roubos, arrendamentos urbanos, etcétera.**

Polo tanto, desde esta plataforma, **Detectives Privados El Ojo de Horus**, animámosvos aos avogados a consultar e contratar os servizos do detective privado nestes ámbitos de actuación tan importantes na actualidade.



Delegación Santiago:
Rúa do Cruceiro da Coruña, s/n
15705 Santiago de Compostela

Delegación Lugo:
San Roque, s/n
27800 VILALBA (LUGO)

tefs: 620 97 10 81 - 676 68 87 80

Detectives Privados

HORUS

- **Investigaciones Familiares**
- **Investigaciones Comerciales**
- **Investigación de Arrendamientos Urbanos**
- **Investigaciones Especiales**
- **Investigaciones Laborales**
- **Investigación de Siniestros**
- **Investigaciones Técnicas**
- **Investigaciones Económicas**
- **Servicios a Hoteles y Complejos Turísticos**

De re varia. O Colexio nos medios

O Colexio de Avogados de Santiago posicionouse durante o primeiro semestre do ano en contra dalgunhas das medidas anunciadas polo ministro de Xustiza, Alberto Ruiz Gallardón, como a imposición de taxas xudiciais, a posibilidade de abrir os xulgados en agosto ou a posible capacidade dos notarios para celebrar matrimonios.

Á marxe destes temas, tiveron repercusión outros acontecementos, como a festividade de San Raimundo de Peñafort e o convenio coa Universidade de Santiago de Compostela para a posta en marcha da primeira edición do Máster en Avogacía.

ABC.es

Abogados dudan de la constitucionalidad de casarse o divorciarse ante notario

La abogacía rechaza la propuesta de habilitar los juzgados en agosto

informativostelecinco.com

Los abogados de Santiago de Compostela rechazan la propuesta de Gallardón de habilitar los juzgados en agosto

laopinioncoruña.es

Los abogados premiar la labor de Caamaño y Proxecto Home

El Confidencial

Abogados Santiago ven en las tasas "justicia para ricos y otra para pobres"

europapress.es

La Abogacía de Santiago alerta de la "imposición de tasas judiciales"

Diario SIGLO XXI.com

Caamaño, galardonado por el Colegio de Abogados de Santiago



Os avogados de Santiago advirten dunha xustiza para ricos e outra para pobres

Atlántico

Abogados dudan de la constitucionalidad de casarse o divorciarse ante notario

elEconomista.es

El Colegio de Abogados de Santiago y la USC organizan la primera edición del máster en Abogacía

La Voz de Galicia.es

La Abogacía recordó a los letrados de Atocha

Los abogados critican que se defienda desde Madrid a los maestros

La Región

Los abogados dicen que las nuevas tasas pondrán en peligro la justicia gratuita

elCorreoGallego.es

El Colegio de Abogados de Santiago critica que Educación suscriba un seguro con un bufete madrileño

Colas en el Colegio de Abogados por casos de deshaucio e impagos

LAVANGUARDIA.COM

La Abogacía de Santiago respalda al poder judicial en su rechazo a las nuevas tasas judiciales



lainformacion.com

La abogacía de Santiago cree que la "imposición" de tasas judiciales creará "una Justicia para ricos y otra para pobres"

20 minutos.es

El Colegio de Abogados de Santiago y la USC organizan la primera edición del Máster en Abogacía

CÓMPRATE ESTE VERANO UN COCHE SEMINUEVO EN

Brea
AUTOCASIÓN

**...PORQUE
TE OFRECEMOS
FINANCIACIÓN DESDE 4,95%**

**...PORQUE
TE OFRECEMOS HASTA
12 AÑOS DE FINANCIACIÓN**

**...PORQUE
TE OFRECEMOS
PRECIOS EXCEPCIONALES**

**...PORQUE
TE OFRECEMOS HASTA
4 AÑOS DE GARANTÍA**

PVP NUEVO 29.050€
PRECIO AUTOCASIÓN
20.500€

AHORRO: 8.550€*



**V.W. PASSAT 2.0
TDI 140 CV.**

PVP NUEVO 39.472€
PRECIO AUTOCASIÓN
32.900€

AHORRO: 6.572€



**AUDI A5
SPORTBACK 2.0
TDI MULTITRONIC**

PVP NUEVO 47.128€
PRECIO AUTOCASIÓN
39.000€

AHORRO: 8.128€



**AUDI Q3 2.0 TDI
177 CV. S-TRONIC**

PVP NUEVO 37.135€
PRECIO AUTOCASIÓN
26.900€

AHORRO: 10.235€



**AUDI A4 AVANT
2.0 TDI 143 CV.**

PVP NUEVO 14.488€
PRECIO AUTOCASIÓN
11.900€

AHORRO: 2.598€



FIAT 500

PVP NUEVO 29.680€
PRECIO AUTOCASIÓN
22.890€

AHORRO: 6.790€*



**SKODA SUPERB
COMBI 2.0 TDI
140 CV. AMBITION**




Ciudad del Transporte
Polígono del Tambre
Santiago

T 981.55.77.00 · www.grupobrea.com

Brea
AUTOCASIÓN

Santiago, Pasaporte para a Eternidade




PARADORES
HOSTAL·DOS·REIS
CATOLICOS
***** GL